

IGADI ANNUAL REPORT 2015-2016

A sintomatoloxía dun malestar global: Entre a metástase e a recuperación




INSTITUTO
GALEGO
DE ANÁLISE
E DOCUMENTACIÓN
INTERNACIONAL

IGADI XXV

En Galicia
temos
opinión
do Mundo

www.igadi.org

A sintomatoloxía dun malestar global: Entre a metástase e a recuperación



Dirección: Xulio Ríos.

Equipo colaborador: José Abu Tarbush, Mariano Aguirre, David Alvarado, Katarzyna Araczewska, Jaume Giné i Daví, Jared Larson, Roberto Mansilla Blanco, Roberto Montoya, Francisco Rey, Alfredo Toro Hardy.

Maquetación: PositiBos.gal

ISSN: 1989-9130

OBSERVACIÓN: As opinións expresadas non reflicten necesariamente as do IGADI e son responsabilidade dos seus autores.

Índice

0. Presentación	4
1. As claves de 2015	
1.1 Inflexión na guerra siria	8
1.2 A nova normalidade chinesa	9
1.3 Xapón sae do armario	11
1.4 Acenos de cambio en América Latina	12
1.5 Balances do cumio climático de París	13
2. Perspectivas 2016	
2.1 A difícil contención do terrorismo global	15
2.2 EUA post-Obama	16
2.3 Europa no labirinto: entre continuísmo e esperanza	17
2.4 Taiwán e a pugna pola hexemonía en Asia-Pacífico	18
2.5 O futuro do contradiscurso latinoamericano	19
3. Reflexións por áreas xeográficas	
3.1 África do Norte: Horizonte de fráxil estabilidade, por David Alvarado	21
3.2 Polonia e o pseudoeuropeísmo dos PECO, por Katarzyna Araczewska	23
3.3 Palestina (2015): normalizando a ocupación e o apartheid?, por José Abu Tarbush	25
3.4 Arabia Saudita, berce do xihadismo, por Roberto Montoya	29
3.5 As relacións cubano-estadounidenses: un desexo incompleto, por Jared Larson	32
4. Reflexións Transversais	
4.1 A crise da lexitimidade da democracia, por Mariano Aguirre	36
4.2 Tecnoloxía e desemprego: o fin da falacia ludista, por Alfredo Toro Hardy	38
4.3 Multiculturalismo e acción humanitaria, por Francisco Rey	41
4.4 Procesos de integración económica mundial en 2015, por Jaume Giné	45
4.5 A Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible, por Xulio Ríos	50
5. Personaxes de 2015	
Alexis Tsipras	52
Dilma Rousseff	53
Vladimir Putin	54
Papa Francisco	55
Aung San Suu Kyi	56
Os autores	57

O.

Presentación

Inseguridade, ben podería ser a palabra do ano que remata. Non só por mor do deterioro global da seguranza, que é un feito, senón polo incremento das incertezas que acompaña o aumento da temperatura do planeta, o profundamento dun modelo in-social que fai da precariedade un dos valores supremos da competitividade, as flutuacións dunha economía de mercado en plena fuga cara adiante a través da multiplicacións de TLCs e plataformas de integración que desprezan a soberanía e o ben común, a percepción dunha urxente demanda de rexeneración democrática sen follas de ruta establecidas pero con sólidos fundamentos cívicos ou os impactos desestabilizadores de axendas e institucións que criamos ata agora fóra de todo perigo de naufraxio. Velaí que a suma de todo achéganos un mundo cada vez mais irrespirable nun sentido amplo, en insistente coqueteo co colapso e urxido de alternativas pensadas para o benestar das maiorías. Todo iso, un cuarto de século despois daquel inicio da posguerra fría (1991), longa transición a que deu paso a liquidación da URSS e na que aínda seguimos instalados.

A situación internacional en 2015 estivo condicionada por tres grandes eixes transversais. Dunha banda, a intensificación das accións terroristas; doutra, a loita contra o cambio climático; por último, o agravamento da problemática dos refuxiados. Respecto ao primeiro, a reiteración de atentados nos cinco

continentes co selo común da confrontación coas políticas occidentais puxo en vilo, sobre todo, ao mundo desenvolvido. As accións do Daesh, simbolizadas no atentado suicida de París e nos asasinatos dos reféns secuestrados, amosaron vulnerabilidades e impotencias nunha guerra asimétrica que aventúrase longa e complexa, ameazando con laminar as propias liberdades e dereitos individuais que están no cerne da identidade europea e as políticas de integración multicultural, hoxe sometidas a unha severa peneira.

Mais alá de Europa, en África, o terrorismo consolídase especialmente como un fenómeno en auxe que prolifera ante a ausencia de cooperación eficaz entre os Estados, a deficiente preparación dos diferentes servizos involucrados na súa represión e a persistencia combinada de pobreza e conflitos que nutren os seus principais bastións. Tanto al-Qaeda como Boko Haram ou a nebulosa Shebab fan ostentación dun proxecto elaborado e con vocación de permanencia. Tan só no Sahel, a actividade dos grupos islamitas radicais implicou o desprazamento de 3,5 millóns de refuxiados e a morte de 20.000 civís (un 60 por cento só en Nixeria). Un mínimo de dez capitais do continente foron obxecto de tomas de reféns e atentados brutais. Non acostuma saír nos grandes medios de comunicación do mundo desenvolvido ata que algún nacional está involucrado, pero o epicentro mais perverso desta guerra está aí.

No que atinxe á loita contra o cambio climático, o cumio de París abriu a posibilidade de fixar un horizonte de caducidade ao carbón e o petróleo como motores do planeta. Pese a que non todo quedou resolto no cumio, en especial polo carácter non vinculante das medidas acordadas para atallar os gases de

efecto invernadoiro, o pouso que deixou París foi mellor ca o de Copenhague (2009). Está por ver, non obstante, que os países mais desenvolvidos e que causaron o problema sexan quen de comprometerse para axudar ás comunidades máis vulnerables polo quecemento global. Os gobernos deben tomar medidas rápidas e con maior ambición para urxir un cambio de modelo que asegure o debido financiamento para alentar o uso das enerxías renovables. Sen un cambio no modelo de produción e de consumo, que require unha maior concienciación das propias sociedades, será difícil converxer en solucións cribles.

Entre os referentes da axenda do ano que remata cabe significar, en primeiro lugar, o trunfo da lóxica rusa no conflito sirio. A actitude de Moscova, claramente decantado do lado de Bashar al-Assad, involucrouse de cheo e sen miramentos na guerra civil, conseguindo que os países occidentais sumaranse a ela a certa distancia ante o agrandamento dos perigos asociados tralas experiencias vividas noutros entornos semellantes. Agora, al-Assad é o mal menor. Putin, ademais, logrou consolidar posicións no escenario ucraíno e a pesar das sancións, a súa insubmisión ante os ditados occidentais confírelle unha autonomía crecente nun escenario global con tendencias claramente triangulares (EUA, Rusia, China) a cada paso mais visibles.

Interrogantes en América Latina

En América Latina, os comicios de Arxentina e Venezuela aventuran cambios na rexión. As economías da zona retrocederon case medio punto en 2015 e apenas medrarán un par de décimas no vindeiro ano, se ben

Centroamérica podería crecer arredor dun 4 por cento. As posibilidades dun diálogo nacional entre oficialismo e oposición en Caracas semellan tan lonxe como imprescindible para adiantar solucións á situación económica do país, lastrada polo desabastecemento e a superinflación (170 por cento a final de ano). A vitoria da Mesa da Unidade Democrática (122 escanos) fronte ao Gran Polo Patriótico (55 escanos), con dous millóns de votos máis, sitúa o bolivarianismo nunha posición fráxil e con riscos engadidos de inestabilidade. Feito inédito en 16 anos, a hipotética recuperación da credibilidade de Maduro e do chavismo pasa pola superación dos graves erros cometidos en materia económica e de comunicación que, en primeiro lugar, deberan admitir antes de buscar chibos expiatorios.

Tamén Cuba seguirá acaparando gran parte da atención internacional. Na Habana espéranse novos avances cumprido un primeiro ano de normalización das relacións con EUA, celebrado coa restauración dos voos comerciais. Tralos progresos no terreo político-diplomático, coa apertura das embaixadas respectivas e a exclusión da illa caribeña da listaxe de países presuntamente patrocinadores do terrorismo, cabe esperar medidas incentivadoras do comercio e os investimentos polas acreditadas vantaxes de Cuba en termos de proximidade xeográfica, estabilidade, seguridade e alta cualificación da súa man de obra. Se ben o bloqueo non terminou e as diferenzas en materia de apertura política e dereitos humanos persisten, as contradicións non paralizarán o proceso iniciado.

O xigante brasileiro, a maior economía de Sudamérica, atravesa un sintomático punto de inflexión. Os episodios de corrupción (un 67 por cento dos brasileiros atribúelle

a este fenómeno a responsabilidade da crise económica) alimentan un clamor popular que sitúa contra as cordas o mandato de Dilma Rousseff e o liderado político do PT. Cabe sinalar, con todo, que é a primeira vez en toda a historia deste país que grandes empresarios e importantes dirixentes políticos de máximo nivel son obxecto de procesamento e castigo. A corrupción equivale a arredor dun 2,3 por cento do PIB, segundo varias estimacións. A superación desta cultura asociada ao que chaman a “fisionomía política” reclama un fortalecemento institucional que o liderado actual, inmerso nunha verdadeira encrucillada, ten difícil dotar de credibilidade.

En Asia, co conflito intercoreano na corda frouxa primeiro e con sinais de calma relativa cara o final de ano, as miradas centráronse nos grandes actores rexionais, especialmente China e Xapón. As dificultades económicas do xigante asiático propiciaron mais de un sobresalto nas bolsas alertando da dificultade de dar cumprida conta dos obxectivos de crecemento (7%). A transición cara un novo modelo de desenvolvemento discorre en medio de tensións políticas internas, encirradas cunha campaña anticorrupción dunha envergadura descoñecida. Pola súa banda, os cambios na doutrina de seguridade en Xapón e a intensificación das disputas polo control dos recursos nos mares de China oriental e meridional, con implicación de países próximos pero tamén de EUA ou Australia, aventuran un escenario quente onde tamén pode rexistrarse algún que outro sobresalto. Para China, o ano político comezará en Taiwan, onde a esperada vitoria electoral dos soberanistas matizará e ralentizará o proceso de achegamento vivido desde 2008. Aínda así, nada volverá a ser como antes...

¿Intervir ou influenciar?

Con EUA apuntando certa mellora da situación económica interna reflectida no anuncio da suba dos tipos de interese, Europa segue en apuros. Dunha banda, viviu en 2015 a súa peor crise de refuxiados desde a II Guerra Mundial, co éxodo de países devastados por guerras como Afganistán, Iraq, Libia ou Siria. Os países europeos, moitos deles involucrados nesas guerras, responderon con diferentes medidas, incluíndo a construción de valados para blindar as fronteiras. A afluencia de refuxiados –arredor dun millón- supón tamén unha pesada carga para nacións de tránsito como Turquía ou Líbano, que reaccionaron sen o alboroto europeo. A UE viu ameazada a súa propia unidade ante a imposibilidade de achegar acordos cribles en materia de asilo ou distribución de refuxiados, coa zona de libre tránsito de Schengen ao bordo do colapso. Por outra banda, a esta fenda aberta súmanselle as expectativas do Reino Unido que reivindica un acomodamento diferente na Unión pois do contrario podería optar pola saída. Así mesmo, nos PECO (países de Europa Central e Oriental) consolídase unha identidade diferenciada que marca distancias con Bruxelas. Compartindo o mesmo mercado, os límites ás liberdades da man de plataformas e movementos cívicos de signo ultraconservador converxen no lado occidental co auxe renovado das tendencias de signo fascista.

A expansión do problema dos refuxiados leva de cheo ao cuestionamento das intervencións militares occidentais. Sorprende identificar a Francia como a potencia media máis intervencionista hoxe no mundo árabo-musulman. A conseguinte desestabilización de

rexións enteiras alimentou o xurdimento de organizacións terroristas que agora sacoden as capitais occidentais e outras áreas do seu interese. Os empeños por derrocar gobernos e instalar outros aíns aos seus ditados levaron ao caos en non poucas ocasións. Sen un final á vista, EUA e Europa deben asumir a súa responsabilidade. A Jamahiriya que París, Londres e Washington querían converter en democracia pasou directamente a ser un estado fallado e a primeira fábrica africana de terror....

A baixa global dos prezos das materias primas, a cronificación de numerosos conflitos, a persistencia da crise global e o afrouxamento do interese xeopolítico afondaron a condición periférica africana. A pesares das súas sombras, tan só China semella manter e ata acentuar o interese estratéxico polo continente, apoiando a súa industrialización e os investimentos en infraestruturas ou en formación. Cousa que nin EUA nin Europa fixeron nos mellores tempos pasados. As críticas desatadas nos últimos tempos sobre o comportamento das empresas chinesas, pouco respectuosas co ambiente, os dereitos laborais ou as identidades locais, fixeron mela e hoxe Pequín envórcase nunha operación de altura na que co tempo poderemos diferenciar canto hai nela de sinceridade e canto de imaxe.

O ano que entra estará en boa medida marcado polos ritmos da política estadounidense. A carreira electoral vivirá compases decisivos con consecuencias inevitablemente globais. O tempo post-Obama permitirá facer balance dun mandato con claroscuros pero que no seu conxunto permitiu demostrar unha vez mais as fortalezas do poder estadounidense, tanto no económico como xeopo-

lítico. Por outra banda, un liderado pouco probable do histriónico Donald Trump nas filas republicanas sería a mellor garantía dun trunfo demócrata da man de Hillary Clinton. Sexa como for, Barack Obama abandonará a Casa Branca cun EUA relativamente mellor posicionado en termos globais con respecto a 2009, á fronte do liderado tecnolóxico, envorcado nunha estratexia complexa de integracións económicas (TPP, TIIP) destinadas a realzar unha hexemonía que igualmente no plano militar e político non ten aínda rival crible.

1.

As chaves de 2015

1.1 Inflexión na guerra siria

A intervención militar rusa a partir de setembro de 2015 e posteriormente francesa tralos atentados terroristas en París do 13 de novembro, marcaron un punto de inflexión que podería resultar politicamente decisivo para o resultado do prolongado conflito sirio iniciado en febreiro de 2011.

Neste contexto, a complexa multiplicidade de actores, contextualizados nunha diversidade de intereses (étnicos, confessionais, xeopolíticos, clans), así como a persistente volatilidade dun conflito armado sen claro dominador no terreo militar, exemplifican toda serie de incertezas sobre os escenarios que se anticipan. Así, a consolidación do Estado Islámico (Daesh) dentro dunha porosa porción xeográfica existente entre as fronteiras de Siria e Iraq, supón o principal obstáculo para un réxime de **Bashar al Asad** cada vez mais dependente da cooperación rusa como garante da integridade estatal. Con todo, á vista dos intereses xeopolíticos e militares rusos, así como a paulatina implicación de actores externos (EUA, Europa), a volatilidade intensifica as incertezas sobre o futuro político sirio.

Paralelamente, os combates en Siria están igualmente consolidando a fortaleza das

milicias curdas que loitan contra os *xihadistas* do Daesh e da Fronte Al Nusra, así como das forzas militares do réxime de al Asad. A resistencia curda na localidade de Kobâne (decembro 2014-xaneiro 2015) supuxo igualmente un punto de inflexión para as aspiracións soberanistas curdas, fortalecidas a través dunha especie de corredor que traspasa as fronteiras sirias con Turquía e o Norte de Iraq. Isto recrea a posibilidade de contar co factor curdo como un elemento relevante na reconfiguración do equilibrio estratéxico no Oriente Próximo post-conflito sirio.

Outro punto de inflexión provocado pola crise siria tivo que ver con Turquía e Europa, condicionado pola irradiación do terrorismo *xihadista* e a crise humanitaria dos refuxiados sirios. Por motivos circunstanciais, ambos factores provocaron un drástico cambio de orientación no goberno turco de **Recep Tayyip Erdogan**, inmerso nunha crise política interna evidenciada polo inédito interregno de dúas eleccións parlamentarias (xullo e novembro).

En agosto, Erdogan suspendeu os acordos de paz cos curdos, mentres o terrorismo *xihadista* cobrábase centos de vítimas en dous graves atentados (Suruc e Ankara). Mentres achegaba posicións coa Unión Europea para frear a chegada de refuxiados sirios a cambio da renovación das negociacións turcas de admisión na UE (paralizadas desde 2005), Turquía veuse inmersa nun conflito diplomático con Rusia trala caída de dous cazas rusos en territorio turco (novembro), aspecto que reforzou os imperativos xeopolíticos da OTAN con Turquía.

Por outra banda, Arabia Saudita e Catar utilizan o conflito sirio como metáfora xeopolítica orientada a distanciarse do seu anterior

apoio ao Daesh, pero principalmente para conter a eventualidade dun reforzamento de posicións por parte de Irán, outro tradicional aliado do réxime de al Asad. Neste aspecto, observáronse cambios significativos durante 2015: o acordo nuclear entre Irán e o G5+1 (abril 2015) posibilitou unha tácita *entente* entre Occidente e Teherán con acento no conflito sirio, que potencia a eventualidade dunha apertura diplomática con Washington. Paralelamente, a trágica dinámica do conflito sirio e a perspectiva de sinalar o Daesh como un inimigo común pode inesperadamente configurar unha inédita coalición rexional e internacional, onde incluso Riad e Teherán logren acadar un achegamento colateral.

En 2016, a volátil “guerra de posicións” seguirá definindo o futuro do conflito sirio, pero agora circunstancialmente alterado pola decisiva implicación exterior, particularmente rusa. O tácito acordo alcanzado entre Washington e Moscova (decembro) para potenciar un diálogo entre o goberno de al Asad e a plataforma opositora siria, previsto para finais de xaneiro de 2016), introduce maior incerteza sobre o futuro sirio, en particular pola complexidade de actores e intereses involucrados así como pola perenne fragmentación da oposición siria. Neste sentido, compre observar dous escenarios inmediatos: unha frontal contención do Daesh para definir un novo deseño estratéxico rexional; e a bizantina discusión sobre o futuro do réxime de al Asad, cada vez mais dependente dos intereses exteriores.

1.2 A nova normalidade chinesa

A crise bursátil e a moderación do ritmo de crecemento evidenciaron o novo momento que vive a economía chinesa. O novo liderado que asumiu o poder no XVIII Congreso do Partido Comunista (PCCh) a finais de 2012 impulsa ambiciosas reformas co dobre obxectivo de transitar cara un modelo de desenvolvemento máis sostible e aberto que reforce -e non debilite- a súa hexemonía política. Ao longo do ano 2015 rexistráronse tanto altibaixos como a intensificación de transformacións estruturais cuxo resultado é, polo momento, incerto á vista das resistencias que atopa no aparello burocrático e as propias incertezas que aínda condicionan o rumbo da economía internacional.

Todo o ano 2015 estivo marcado en China por certo sentimento de que as cousas van peor do que prognosticaban os planificadores. Ao comezo do exercicio, nas sesións anuais lexislativas, abordouse un retrato das dificultades que pesan sobre a economía: o investimento contráese, o consumo estanca-se, o custo do traballo aumenta, as pemes non poden acceder ao crédito, os beneficios das industrias tradicionais redúcense, a oferta de emprego debilitase, as rendas dos particulares caen, etc. A todo iso deben engadirse as flutuacións á baixa do sector inmobiliario, o rexurdir das débedas tóxicas dos bancos, as dificultades do sector agrícola, o agravamento da problemática ambiental e certo repunte dos conflitos laborais. Este retrato invita a pensar que a necesidade dos axustes alcanzou un punto crítico, pero a capacidade de actuar, recoñeciase no propio Parlamento chinés, estaba limitada polos intereses particulares e corporativos profundamente instalados en

determinados segmentos do aparello partidario e estatal.

As amplas reformas económicas -parte dun paquete máis amplo- auspiciadas polo PCCh van tomando forma para transformar o paradigma de China como taller do mundo, apostando por investimentos públicos máis estudadas, menos desbalde, menos polución, máis competitividade e unha mellora xeral da calidade do crecemento. En paralelo, discorre no medio dunha loita intensa contra a corrupción que ten como branco o propio partido e o Estado pero tamén os grandes feudos industriais, afrontando unha suma de resistencias e receos políticos que non pode desdeñarse.

A reforma económica e industrial promovida en China desde 2013 prosegue en dous dominios: a reestruturación dos grandes grupos públicos inmersos nunha estratexia de fusión e unha vasta empresa de acomodamento territorial acompañando o éxodo rural. No quinto pleno do Comité Central do PCCh (2015), eses foron temas substanciais.

Os grandes proxectos están vinculados á modernización do tecido urbano e as novas necesidades de conectividade das grandes cidades entre elas. Aínda que se consideran indispensables para a modernización do país, o seu financiamento e a tendencia ao xigantismo poden conducir a unha nova espiral de acumulación de débedas locais. Mal aplicada, a urbanización podería multiplicar os barrios marxinais das periferias dos centros urbanos, fenómeno que a reforma do *hukou* ou permiso de residencia pretende evitar. Ata agora, China controlou eficazmente esta transición.

A finais de 2015, o FMI anunciou a inclusión do renminbi (RMB) no círculo pechado de moedas de referencia da institución. A me-

dida, efectiva a partir de outubro de 2016, foi unha vitoria para as autoridades chinesas, un símbolo do ascenso do país, da súa integración no sistema financeiro internacional e da súa apertura.

Moitas das reformas financeiras adoptadas no quente verán de 2015 non só trataban de apoiar o crecemento ou dar resposta ás tensións da bolsa senón tamén abrir camiño ao recoñecemento do RMB como moeda de reserva. En maio, a introdución dun sistema de seguro de depósitos debía permitir liberar ao Estado da obriga de reflotar unha banca en creba e aproximar o sistema financeiro chinés ás leis do mercado. A liberalización das taxa de intereses dos depósitos e o fomento da competencia entre os bancos orientábanse no mesmo sentido.

O recoñecemento internacional do RMB é comparable á admisión de China na OMC en 2001. Tralo éxito da creación do Banco Asiático de Investimento en Infraestruturas (BAII), realza a credibilidade do iuán, acelera a súa utilización nas transaccións comerciais globais e contribuirá a remodelar o sistema financeiro mundial, pasando progresivamente da periferia ao seu centro. Pese a que China non completou ao cento por cento as esixencias na apertura da súa conta de capital, tanto o FMI como EUA non podían obviar as transformacións experimentadas por este país nos últimos lustros, hoxe a primeira potencia comercial do planeta e tamén titular da cuarta divisa do comercio internacional cun 2,5 por cento dos intercambios globais en RMB (fronte ao 45 por cento do dólar e o 28 por cento do euro).

Un informe do *McKinsey Global Institute* revela unha explosión da débeda chinesa desde 2007, que alcanzaría o 282% do PIB

(incluíndo entidades financeiras públicas, administración central e locais, sector privado, empresas) en xuño de 2014, o máis elevado dos emerxentes e excedendo o nivel de débeda da maior parte dos países desenvolvidos. Unha característica esencial da débeda chinesa é a sobreexposición das empresas, especialmente das empresas públicas, cunha rendibilidade claramente baixa. Reducir ese monto constitúe unha das grandes reformas en curso.

Boa parte das tensións rexistradas no verán de 2015 son reflexo da difícil transición na que China se atopa. Desde a baixa nas reservas de cambio, a dobre depreciación do iuán do 11 e 12 de agosto, as baixas no tipo de interese e de reserva obrigatoria, a caída na produción industrial, etc., as vicisitudes que rodean esta evolución engaden certa incerteza que pode agravarse se xorden controversias internas de certo calado con implicacións políticas.

Algúns expertos chineses vaticinan que 2016 será un ano convulso a medida que se intensifique a reestruturación nos grupos públicos, evidenciando notorios problemas como o “desemprego invisible”, hoxe sometido a control.

O impulso reformista que vive o xigante asiático inscríbese no vasto proxecto de modernización e de renovación do “soño chinés”, que debe conciliarse coa afirmación dunha nova ola de apertura. Non hai un esquema ou folla de ruta clara das reformas, cuxa orientación depende dos diversos “grupos dirixentes” creados a nivel central para proxectar a reforma nos seus diferentes aspectos. A conciencia sobre a necesidade de introducir cambios é absoluta pero os intereses afectados poden derivar en bloqueos que greten o

consenso necesario para seguir avanzando. Nesta tesitura, os líderes chineses teñen a esixencia engadida de limitar o alcance dos impactos das reformas no propio PCCh de cuxa preservación, polo momento, ninguén parece dubidar.

1.3 Xapón sae do armario

A aprobación dunha reforma militar por parte da Dieta nipona provocou un gran debate interno e rexional. O primeiro ministro **Shinzo Abe**, co apoio do seu aliado, o novo Komeito, alentou o maior cambio en materia de defensa de Xapón en 70 anos. A reforma ten por obxecto dotar dun maior protagonismo ás Forzas de Autodefensa (Exército) a nivel global, permitíndolles defender a aliados se son obxecto dun ataque ou participar en operacións de seguridade de Nacións Unidas. Pese a que diversas sondaxes de opinión revelaron unha forte oposición popular a esta iniciativa e ás sucesivas e multitudinarias manifestacións que tiveron lugar durante o proceso de aprobación denunciando que porá fin ao espírito pacifista da Carta Magna, saíu adiante sen maiores contratempos que diversas trifulcas entre os propios deputados, quen chegaron ás mans.

A iniciativa lexislativa chegou despois de que o goberno aprobara en 2014 unha polémica reinterpretación da Constitución. Ata entón, o artigo 9 impedía recorrer ao uso da forza para resolver conflitos internacionais. Agora, o goberno poderá aprobar con mais facilidade o envío de tropas a zonas en conflito e ampliar o apoio loxístico e doutro tipo para misións de paz no exterior. Números expertos denunciaron que a reforma é

inconstitucional. Un grupo de 75 xuíces xubilados advertían sobre a norma, instando a protexer a Constitución de 1947 e advertindo sobre as consecuencias para a credibilidade e confianza do propio país.

A mellora da capacidade operativa do exército nipón permitíralle secundar despregues para asegurar a navegación en augas internacionais ou disputadas (caso dos mares da China), participar en operacións de liberación de cidadáns xaponeses secuestrados no estranxeiro e apoiar ao seu principal aliado, EUA. China, que padeceu unha sanguenta invasión e ocupación entre 1937 e 1945, pediu a Xapón prudencia no seu actuar e convidou a aprender as leccións da historia respondendo ás preocupacións de seguridade dos países veciños. As disputas territoriais polas illas Diaoyu/Senkaku, controladas por Xapón, e o importante acordo de defensa entre Tokío e Washington non son alleos aos receos de Beijing, que leva anos construíndo unha Armada capaz de proxectar o seu renovado poder en augas internacionais.

A ameaza chinesa, detallada no Libro Branco da Defensa de Xapón, é o argumento, esaxerado segundo os críticos, para argumentar este cambio. Tokío asegura que China actúa de forma autoritaria, forzando o cambio do statu quo, conducíndose de forma arrogante e fuxindo de compromisos. Beijing, que este ano conmemorou o 70 aniversario da vitoria na guerra contra Xapón, sinala que as súas accións están en consonancia coas leis internacionais.

Entrando en 2016 no seu cuarto ano de mandato, Shinzo Abe logrou, pese a todo, celebrar un importante cumio con Corea do Sur e China en novembro (o primeiro desde 2012 por mor das tensións rexionais) e espera re-

unir aos líderes dos tres países co propósito de calmar os ánimos. Non obstante, nada fai prever unha diminución das controversias.

No eido económico, Xapón prosegue coa política coñecida como *Abenomics* co obxectivo de que o PIB alcance os 5 billóns de dólares en 2020, aumentando a taxa de natalidade a 1,8 nenos por cada muller a fin de abordar o envellecemento demográfico. A loita contra a deflación non está gañada. No verán de 2016 deben celebrarse novas eleccións, se ben non se descarta de todo unha anticipación se iso convén á actual maioría parlamentaria.

1.4 Acenos de cambio en América Latina

As vitorias electorais de **Mauricio Macri** nos comicios presidenciais arxentinos (novembro) e da opositora Mesa pola Unidade Democrática (MUD) nas eleccións legislativas venezolanas (decembro) sinalan a perspectiva dun cambio de ciclo político en América Latina trala preponderancia das opcións progresistas e esquerdistas vixentes desde 1998.

Esta perspectiva de final de ciclo político acentúase ante as tensións políticas que vive Brasil pola posibilidade dun *impeachment* político contra a presidenta Dilma Rousseff, que poden acelerarse ao longo de 2016. Igualmente, Perú irá a eleccións presidenciais (abril de 2016) coa perspectiva de retorno do *fujimorismo*. Todo isto sen perder de vista o impacto xeopolítico hemisférico derivado dos avances na distensión diplomática entre EUA e Cuba, que durante 2015 tivo a súa maior concreción na reapertura de embaixadas e na flexibilización en materia migratoria e turística.

ca; así como na posibilidade dun final do conflito armado en Colombia, que pode visualizarse ao longo de 2016 cun histórico acordo de paz.

Compre contextualizar as causas que definen o que se ven cualificando como o retorno dunha “nova dereita” en América Latina, cuxas expectativas vense fomentando a nivel hemisférico como un hipotético retorno dos postulados neoliberais da década de 1990. No contexto actual, este cambio non clarifica con exactitude se estamos ante a eventualidade dun ciclo hexemónico a través doutros actores e liderados, ou se mais ben asistimos a un reequilibrio de forzas políticas.

Entre estes factores a ter en conta comprende mencionar o ascenso de novas clases medias, basicamente beneficiadas polos programas sociais emerxentes, o *boom* económico da década anterior e o reclamo de espazos de representación e participación política; o impacto da crise económica global en economías basicamente produtoras de materias primas (Venezuela, Arxentina); e as crises de liderado político en movementos como o “chavismo” e o “kirchnerismo”, particularmente potenciadas pola desaparición física dos seus carismáticos líderes (**Néstor Kirchner** en 2010; **Hugo Chávez** en 2013) e a súa influencia nos complexos procesos de sucesión, particularmente no caso venezolano.

Este cambio de péndulo político maniféstase igualmente no acontecer dos organismos de integración rexional. O avance da Alianza para o Pacífico evidencia o auxe dun clima de pragmatismo rexional, cos achegamentos por parte de gobernos de diversa índole política e ideolóxica (Brasil, Colombia, México, Arxentina, Chile, Ecuador, Bolivia, Uruguai) e coa perspectiva de ampliarse cara outros me-

canismos de cooperación (UNASUR, MERCOSUR, CELAC), sendo perceptible o afrouxamento xeopolítico doutras estruturas de integración (ALBA, PETROCARIBE).

O escenario derivado das vitorias opoñitoras en Arxentina e Venezuela define igualmente aspectos relativos á orientación xeopolítica e da acción exterior hemisférica, aspecto igualmente determinado polo futuro da distensión cubano-estadounidense. Neste sentido, está por ver cal será a incidencia de China como actor de cooperación económica, principalmente en países proclives ao cambio político (Venezuela, Arxentina), pois a posición de Beijing segue a ser importante cara outros organismos de integración (CELAC, Alianza do Pacífico).

En perspectiva, o ano 2015 evidenciou un momento de cambio de ciclo político en América Latina que, comprende salienta, fortalece a preeminencia dunha cultura política democrática, centrada na necesidade de alternancia política e de equilibrio institucional, en particular ante a preponderancia dalgunhas propostas progresistas que derivaron paulatinamente en expresións hexemónicas de calado, segundo algúns, populista.

1.5 Balances do cumio climático de París

O compromiso global de loita contra o Cambio Climático acordado no Cumio do Clima COP21 celebrado en París (15 de decembro) supuxo un acordo histórico que permitirá definir unha axenda axeitada para a redución da emisión dos gases de efecto invernadoiro que provocan o quecemento global. En total, aproximadamente 200 países

presentes no cumio de París comprometéronse a limitar as súas emisións, mentres o mundo desenvolvido acordou destinar anualmente US\$ 100.000 millóns para alcanzar estes obxectivos.

Neste sentido, o cumio de París abriu a posibilidade de fixar un horizonte de caducidade ao carbón e o petróleo como materias primas que acicalan os motores económicos do planeta. Con aspectos pendentes de resolución, en especial polo carácter non vinculante das medidas acordadas para atallar os gases de efecto invernadoiro, en París logrouse un compromiso de maior calado que supera as expectativas creadas, en particular tralo anterior cumio de Copenhague (decembro 2009).

Alén dos compromisos adquiridos con anterioridade (cumprimento do Protocolo de Kyoto) e do acordado no cumio de París, no foco de atención está o modelo económico persistente e a súa eventual substitución por unha economía ecoloxicamente sustentable. Os principais líderes presentes en París, dende o anfitrión **François Hollande** ata o secretario de Estado estadounidense **John Kerry** e o secretario xeral da ONU, **Ban Ki-Moon**, defenderon a necesidade de propiciar un modelo mais equitativo e sustentable, que permita igualmente xerar fluxos financeiros estables para acometer os graves problemas ambientais. Pero estes compromisos deben medirse en termos tanxibles, tan urxentes como o cumprimento das políticas de desenvolvemento.

Está por ver se o COP21 do Cumio de París permitirá albiscar un compromiso de equidade entre o mundo desenvolvido e os países en desenvolvemento, principalmente por parte das consideradas como economías

emerxentes. Segundo a Axencia Internacional de Enerxía (AIE), de manterse a tendencia actual, en 2050 a taxa de emisión de gases de efecto invernadoiro, considerado o principal factor que afecta ao cambio climático, aumentarán nun 130%, colocando no “Top 5” dos países máis contaminantes a economías desenvolvidas como EUA e Xapón e a potencias emerxentes como China, Brasil e Indoneisia. Outros países con elevadas emisións son Rusia, India, Alemaña, Australia e Canadá, todos eles dentro das listaxes de principais motores da economía mundial.

O reto do COP21 de París é, por tanto, abrir camiño a un novo modelo de desenvolvemento económico con énfase na protección ambiental, na equitativa utilización dos recursos, alentando a utilización das enerxías renovables e o compromiso político de flexibilización dos fluxos financeiros orientados a cumprir coas metas de redución da emisión de gases de efecto invernadoiro. A urxencia motivada pola gravidade do cambio climático preme en gobernos e organismos internacionais para adoptar medidas rápidas e efectivas que, con maior determinación, permitan urxir un cambio de produción e de consumo, fortalecendo ao mesmo tempo unha maior concienciación por parte dos gobernos e das propias sociedades.

2.

Perspectivas 2016

2.1 A difícil contención do terrorismo global

A palpable consolidación do Estado Islámico (Daesh) como epicentro de irradiación dun novo *xihadismo* en pleno corazón de Oriente Próximo, fortalecido pola súa capacidade para cometer atentados terroristas de enorme magnitude (París, xaneiro e novembro de 2015) e cun alcance cada vez mais global (Australia, Canadá), supón un feito indubidable sobre o calado do terrorismo global, xa non só como principal ameaza para a seguridade internacional, senón incluso como problemática que supera os efectos da crise económica e sistémica existente a nivel mundial.

Neste sentido, o Daesh, constituído practicamente como unha entidade de carácter “paraestatal”, cun determinado control territorial, estruturas de poder, redes de financiamento e milicias de combate, logra avanzar na súa disputa pola supremacía dunha alternativa dentro do *xihadismo* global durante anos hexemonizada pola cada vez mais afrouxada rede Al Qaeda. De feito, o atractivo do Daesh como efecto irradiador desta especie de “*xihadismo* 3.0” permítelle, con cada vez maior notoriedade, asentarse como unha referencia de loita contra o “inimigo Occidente” en diversos ámbitos xeográficos (Libia, Somalia, Malí, Golfo de Adén,

Nixeria), adoptando dalgún xeito ese carácter de franquía que, con anterioridade, posuía a propia Al Qaeda.

Pero o terrorismo global non se limita á figura do Daesh, aínda que sexa a súa expresión mais notoria e aparentemente de maior capacidade ofensiva, e compre observar cales son as raíces da irradiación deste fenómeno do terrorismo global. Os continuos erros xeopolíticos de EUA e dos seus aliados, a través de polémicas e ilexítimas intervencións militares (Afganistán, Iraq, Libia) sinalan unha cartografía, con notorio carácter simbólico, para a estimulación dos movementos *xihadistas*, do que Daesh é a súa última expresión.

A isto debe sumarse a actuación de aliados estratéxicos occidentais, en particular Arabia Saudita, Paquistán e incluso Catar, en apoio destes grupos *xihadistas*, a través da concreción de amplas redes de cooperación financeira e loxística, con obxectivos xeopolíticos orientados á súa capacidade de actuación en diversos escenarios de conflito, dende Asia Central, o Cáucaso, Oriente Próximo e incluso o sueste asiático, onde poidan estar en xogo os seus intereses. Neste sentido, en vez de combater as raíces do problema nestes países (Arabia Saudita, Paquistán), Occidente decidiu intervir militarmente naqueles outros onde se manifesta (Afganistán, Iraq, Libia), derivando así nunha posguerra incapaz de asentar unha transición democrática e recreando maiores niveis de inestabilidade.

As raíces do Daesh e doutros grupos *xihadistas* non só obedecen ao tradicional receo do islamismo político radical cara Occidente, senón que se expresa igualmente no secular conflito dentro do mundo islámico entre sunnitas e xiítas, e que cobra maior incidencia no

contexto xeopolítico actual en Oriente Medio, en particular polo soterrado pulso existente entre Arabia Saudita e Irán pola configuración de esferas de influencia.

A expansión dun terrorismo de carácter global implica igualmente un reforzamento das políticas de seguridade e do gasto en armamento, co seu colateral efecto no deterioro dos dereitos humanos. Segundo o informe 2014 do Stockholm International Peace Research Institute (SIPRI), EUA, China, Rusia, Arabia Saudita e Francia lideran as estatísticas dos países con maior gasto militar, precisamente aqueles que están directa ou indirectamente implicados en conflitos armados (Siria), onde o novo *xihadismo* liderado polo Daesh ten o seu epicentro de maior irradiación.

2.2 EUA post-Obama

O final da “era Obama” en EUA, iniciada en 2009 e que rematará a seguir dos comicios presidenciais de novembro de 2016, permite delinear un súbito balance dunha presidencia que, dalgún xeito, alterou diversos paradigmas da cultura política estadounidense, toda vez o seu legado a nivel internacional definiu a percepción dunha nova realidade onde Washington xa non constitúe o poder hexemónico global.

Barack Obama encarou a peor crise económica global desde o crack bursátil de 1929. Este factor determinou en gran medida os parámetros da súa presidencia, en particular na prosecución da recuperación económica (moito mais visible a partir de 2013) e a tramitación legislativa dos programas sociais (Medicare, Seguridade Social) que Obama

esforzouse por colocar no centro do debate público, constantemente contrariados polos estamentos de poder establecidos nun país de forte cultura liberal.

A complexa cohabitación que desde 2014 se expresa entre unha presidencia demócrata e un Congreso que contará con maioría republicana ata a celebración dos próximos comicios legislativos (2018), certifica igualmente a forte polarización política estadounidense, fraguada nun inamovible bipartidismo no que comezan a aflorar determinadas perspectivas de carácter populista, principalmente dentro do Partido Republicano, tal e como se observou con anterioridade co movemento do Tea Party e que, no actual contexto pre-electoral, se observa coa candidatura do multimillonario **Donald Trump**.

Se a chegada ao poder de Obama simbolizou o triunfo do factor racial na política estadounidense, as presidenciais de 2016 centran a súa atención na posibilidade histórica de que unha muller, **Hillary Clinton**, eventualmente se alce coa presidencia. Deste xeito, non só se confirmaría a hexemonía demócrata iniciada con Obama en 2009 senón igualmente a preeminencia dos factores de xénero e racial no paulatino cambio de paradigmas e de percepcións dentro da cultura política estadounidense. Todo isto sen esquecer o cada vez mais visible ascenso dunha ampla e variada comunidade hispana, igualmente emerxente no *establishment* político estadounidense, en particular durante a era Obama.

No ámbito internacional, Obama realizou xestos simbólicos de apertura (Cuba, Irán) e amosou a intención de finalizar a polémica herdanza da “era Bush” (retiradas militares de Afganistán e Iraq) sen por isto

desestimar o recurso da intervención militar exterior (Libia, colateralmente Siria) e de incumprir promesas do pasado (peche de Guantánamo). A pesar de logros simbólicos (caza e morte de **Osama bin Laden**, 2010), Obama tampouco logrou alterar o avance do *xihadismo* salafista nin transcender significativamente a polémica “loita contra o terrorismo global”.

Con todo, a súa presidencia observou o tránsito final da etapa da “posguerra fría” iniciada en 1991, así como a ascendente configuración dun inestable sistema que outorga significación tanto a China como a Rusia como actores chave, pero manifestando unha fragmentación que aínda non permite percibir con exactitude a conformación dun sistema multipolar.

Obsesionados co seu legado histórico, os diversos presidentes estadounidenses tentan finalizar os seus respectivos mandatos con xestos inéditos na area internacional. En 2016, con case total probabilidade, Obama tentará acelerar as bases dunha histórica apertura con Irán que lle permita a Washington paulatinamente “retirarse” de escenarios conflictivos (Oriente Próximo) para ir afianzando os seus imperativos na contención global de China e na concentración do interese xeopolítico en Asia-Pacífico. O avance da Asociación Transpacífico (TPP) e a pugna hexemónica con China en Asia oriental e meridional serán, con maior certeza, elementos relevantes dun legado que Obama transmitirá ao seu sucesor (ou sucesora) na Casa Branca.

2.3 Europa no labirinto: entre continuísmo e esperanza

As eivas do discurso europeísta comezan a manifestar dilemas, fracturas e alternativas que permiten advertir unha etapa abondosa en confusión, contrariedades pero igualmente en expectativas a fin de xerar eventuais cambios na cultura política e na conformación de espazos de participación democrática cidadá, que contrarresten o tradicional predominio das elites.

O acontecer político, socioeconómico e incluso xeopolítico da a entender a conformación *de feito* de varias dinámicas en Europa, de diversas velocidades e expectativas, con complexas intensidades que suxiren unha necesaria reflexión sobre o proxecto europeísta e as súas dimensións a nivel internacional.

A crise económica e financeira permite albiscar unha bifurcación aparentemente irreconciliable entre unha Europa hexemonizada polo predominio alemá, contrariada pola cada vez maior emerxencia dunha fronte alternativa, principalmente dende o Sur mediterráneo, que tivo en Grecia o seu principal actor contestatario, pero que vai reproducindo a súa dimensión cara outros países, en particular Portugal e España.

Esta Europa da “troika” (Comisión Europea, Banco Central Europeo, FMI) con claro predominio de Berlín, altera drasticamente o histórico equilibrio simbolizado polo eixe franco-alemá da posguerra, e que sentou as bases estruturais da actual Unión Europea. A pesar do desencanto posterior, o triunfo da esquerda grega representada por Syriza provocou unha primeira ruptura cun modelo económico hexemónico establecido pola “troika” con epicentro en Berlín e que, paula-

tinamente, comezou a materializarse noutros contextos políticos saídos de procesos electorais.

Tras Grecia, o caso mais significativo foi a conformación (novembro de 2015) dun goberno de esquerdas en Portugal, baixo a éxida do Partido Socialista, o Bloco de Esquerdas e a coalición CDU, implicando unha dura derrota política para a “troika” nun país sometido a rescate financeiro desde 2011. Semellante escena pode observarse no incerto panorama postelectoral español, a tenor dun Parlamento de predominio dos partidos de centroesquerda (PSOE, PODEMOS e as súas marcas autonómicas, IU, segmentos do nacionalismo catalán, entre outros).

Noutros aspectos, a crise económica vixente desde 2008 e o drama humanitario dos refuxiados sirios de mediados de 2015, sinala outro aspecto preocupante, relativo á súbita reaparición dos populismos de dereitas, con particular incidencia no avance da extrema dereita da Fronte Nacional francesa, sen menoscar as restritivas medidas antiinmigración por parte dalgúns gobernos (Hungría, Austria, Eslovaquia, Romanía, Bulgaria) que violan sistematicamente diversos acordos europeos e internacionais, en particular o dereito de asilo e a libre mobilización cidadá dentro do espazo Schengen, pulverizando así os cimentos mesmos do proxecto europeísta, coa anuencia estimulante mesmo de países nórdicos como Suecia ou Dinamarca.

Outra perspectiva ten que ver coas presións soberanistas existentes entre centro e periferia, que denotan unha necesaria reformulación do equilibrio político e territorial europeo. O referendo escocés (setembro 2014), as pretensións soberanistas de Cataluña, a vitoria dos nacionalistas corsos nas elec-

cións rexionais francesas (decembro 2015) e incluso o conflito ucraniano, materializado na ruptura *de feito* no Leste rusofalante e a segregación de Crimea (marzo 2014), son factores que impulsan a definición dun marco de actuación para as pretensións autonómicas e/ou independentistas dos nacionalismos periféricos.

Alén dos péndulos políticos e das tendencias electorais, Europa débatese nun labirinto de dilemas sobre a viabilidade do seu proxecto de integración, unha vez que a polarización entre un continuísmo aparentemente inalterable e as expectativas de xeración de alternativas definirá o signo final do pulso político europeo nos próximos tempos.

2.4 Taiwán e a pugna pola influencia en Asia-Pacífico

O cambio político levaba tempo madurando en Taiwan. Desde marzo de 2014, co *Movemento Xirasol*, unha mobilización estudiantil que culminou coa toma do Parlamento para protestar por un acordo comercial negociado por Taipei e Beijing, apreciábase un claro cambio de rumbo na opinión pública. As eleccións locais celebradas en novembro de 2014 confirmaron esas expectativas e os comicios presidenciais e lexislativos de xaneiro de 2016 viñeron a certificar a vitoria soberanista do Minjindang ou Partido Democrático Progresista (PDP) en detrimento do nacionalista Kuomintang (KMT).

Pode dicirse que a vitoria dos verdes foi sen paliativos e completa, con máis de tres millóns de votos de diferenza respecto ao seguinte opoñente e cunha maioría absoluta parlamentaria que reduce as capacidades de

intervención do KMT, a diferenza do período 2000-2008 en que tamén un soberanista (**Chen Shui-bian**) ostentara a presidencia. Así, **Tsai Ing-wen**, que será a primeira presidenta de Taiwan, tomará posesión do seu cargo o 20 de Maio, abrindo un período de incerteza en relación ao diálogo a través do Estreito. China continental desconfía dos gañadores por non recoñeceren o principio de Unha soa China e o chamado Consenso de 1992, que si aceptan as formacións nacionalistas. Entre o PCCh e o KMT estableceuse un importante marco de cooperación en 2005 que deu pe a un proceso de reunificación de facto utilizando a economía como principal mecanismo de achegamento.

Para o continente, a este revés político experimentado en Taiwan, a illa “rebelde”, súmase o freo á reforma electoral en Hong Kong. Igualmente, cabe contextualizar este marco co incremento das tensións territoriais nos mares da China meridional (con Vietnam e Filipinas, sobre todo) e oriental (con Xapón). En paralelo, a multiplicación da presenza de EUA para garantir a “liberdade de circulación marítima” xunto ás propostas de carácter económico (TPP) e o reforzamento do diálogo político e das alianzas político-militares, contrapóñense coas estratexias chinesas de RCEP, CICA, BAI e a ruta marítima da seda. Toda unha armazón de propostas que suxiren alternativas diferenciadas para conformar a orde rexional a todos os niveis.

O pulso sino-estadounidense pola influencia na rexión, a máis dinámica do mundo en termos económicos, pode activar as tensións arredor de Taiwan. Pese a que Tsai Ing-wen amosou o seu compromiso co status quo e a súa vontade de manter unha comunicación fluída e sen sorpresas co continente, a

efervescencia que se vive na veciñanza pode derivar en tensións de maior ou menor relevancia en función das actitudes tanto de EUA e China a propósito de asuntos como a venda de armas a Taipei, o espazo internacional ou a integración de Taiwan nos mecanismos económicos en vías de conformación.

Pese a que o seu territorio é semellante ao de Galicia en extensión, Taiwan conta con máis de 23 millóns de habitantes e é unha das principais potencias comerciais do mundo, situada nunha das rutas mais transitadas e de maior importancia estratéxica. Nada mais rematar as eleccións, Washington enviou emisarios á zona, con paradas, entre outros, en Taipei e Beijing para reivindicar un diálogo sen sobresaltos. O PCCh deixou claro que EUA non debe atribuírse papeis que ninguén lle encomendou e nin pode nin debe interferir nos seus asuntos internos e o presente e futuro de Formosa éo, asegura con contundencia. Cinco días despois das eleccións taiwanesas, a Televisión Central de China continental emitiu un vídeo gravado o pasado ano dun simulacro militar na súa costa suroriental, xustamente fronte a Taiwan....

2.5 O futuro do contradiscurso latinoamericano

A profusión de ciclos electorais que nos últimos anos veñen concentrando a atención política en América Latina evidencia, en gran medida, a aparición de tendencias e de actores políticos emerxentes nun contexto onde, a nivel hemisférico, semella visualizarse a eventual apertura dunha segunda transición política democrática. A mesma ven igualmente marcada polo relevo xeracional, expresán-

dose co xiro progresista observado a comezos do século XXI e actualmente coa aparición doutras tendencias que, con diversos matices, aduce visións mais contestatarias.

O espectacular avance dos movementos sociais e de actores políticos progresistas e de diversas manifestacións de esquerdas durante o período 1998-2014, cambiou drasticamente a cartografía política hemisférica, definida como a asunción dunha era “posneoliberal”. Isto permitiu ao mesmo tempo determinar a emerxencia dunha nova cultura política, impulsada pola participación popular e cidadá, a transversalidade do debate público e a reconstitución dos espazos de representación política. Un cambio que, en perspectiva histórica, coincidiu igualmente co Bicentenario das independencia latinoamericanas.

A este proceso de cambio político debe engadirse os efectos do *boom* económico da década de 2000, principalmente influenciado pola alza dos prezos das materias primas nos mercados internacionais, así como pola multiplicación das políticas sociais de inclusión, redución da pobreza e das desigualdades socioeconómicas, que permitiron o ascenso de novas clases medias. Paralelamente, novas arquitecturas de integración plenamente autóctona (CELAC, UNASUR, ALBA) e unha aposta pola multipolaridade (BRICS, IBSA) de cara á configuración dun sistema mundial non hexemónico, completaron a reinserción global de América Latina con renovadas garantías.

Non obstante, o contexto actual da a entender un final de etapa, non necesariamente de ruptura, pero si claramente contestatario coas tendencias predominantes na década anterior. É común considerar que o ascenso de novas clases medias provenientes princi-

palmente dos sectores populares, beneficiados polo *boom* económico e os programas sociais, está definindo un novo actor político, aínda ideoloxicamente amorfo, pero que manifesta unha posición mais contestataria contra as hexemonías políticas establecidas co xiro progresista.

Os síntomas que traducen o ascenso destes sectores observouse coas protestas por parte de diversas capas das clases medias brasileiras contra a presidenta **Dilma Rousseff** a mediados de 2013. No campo electoral, este xiro no péndulo político observouse co triunfo de **Mauricio Macri** nas presidenciais argentinas, e da plataforma Mesa pola Unidade Democrática nas lexislativas venezolanas. Ambas estableceron un final de hexemonía política para dúas tendencias, o “kirchnerismo” e o “chavismo”, ata agora monopolizadores do debate político pero subitamente orfos dos seus carismáticos liderados, sen que isto certifique a súa desaparición política.

Así, a reconstitución do espazo de representación política en América Latina está manifestando un cambio de péndulo político dentro dun novo ciclo electoral vixente ata 2019, con procesos electorais relevantes (Perú, Ecuador, México, Bolivia, Brasil, Venezuela) onde se pulsará en qué medida pode consolidarse este “contradiscurso”. No trasfondo está igualmente presente o impacto social da crise e das políticas económicas como factores que mobilizan a estes novos actores, en particular ante as expectativas de que este “contradiscurso” sexa proclive a reproducir o paradigma neoliberal predominante na década de 1990.

3.

Reflexións por áreas xeográficas

3.1 África do Norte: Horizonte de fráxil estabilidade

David Alvarado

A paréntese da mal chamada ‘primavera árabe’ semella pechada. África do Norte é hoxe un espazo convulso en vía de recomposición, onde as preocupacións pola seguridade téñense imposto ós anxeios de democracia. O auxe do Estado Islámico, cuxo acrónimo árabe é Daesh, solápanse ás ameazas terroristas rexionais, xa proveñan estas da franquicia magrebí de Al Qaeda ou dos numerosos grupos xihadistas diseminados ao longo do Sahel e sur libio. Namentres en Marrocos asistimos a unha consolidación do *status quo*, non exenta de certas tensións, instaurado trala reforma constitucional de 2011, en Alxeria medran os temores inherentes á difusa sucesión do xefe do Estado, acrecentados coa crise do modelo económico debedora da baixada do prezo do crú. Pola súa banda, Tunicia atópase cada vez máis lonxe de satisfacer as promesas suscitadas coa elección de **Béji Caïd Essebsi** como presidente en decembro de 2014, multiplicándose as protestas ao longo e ancho da súa xeografía, e todo baixo a alongada sombra do radicalismo islamita. Desgarrado entre autoridades rivais e colonizadas amplas franxas do seu territorio por Daesh, malia o

optimismo de fachada amosado pola intermediación de Nacións Unidas, Libia non cesa de afundirse, cada vez máis, na violencia e a anarquía.

Marrocos: Consolidación do islamismo “moderado”

De todos os estados norteafricanos Marrocos é o que ofrece unhas maiores garantías de estabilidade. O país viviu en 2015 a primeira cita electoral trala adopción dunha nova Carta Magna e a chegada ao Goberno, a finais de 2011, do islamita Partido para a Xustiza e o Desenvolvemento (PXD). Analistas e observadores profetizaban entón unha inexorable erosión da formación islamita froito da usura do poder. Despois dun comezo non exento de tensión con Palacio, sobre todo con certos conselleiros de **Mohamed VI**, o presidente do Goberno, **Abdelilah Benkirane**, quen evidenciou unha grande habilidade política, soubo desbaratar os augurios. O PXD foi o claro vendedor dos comicios municipais e rexionais de setembro de 2015, a pesares de que o modo de escrutinio non lle era propicio, facéndose co control das corporacións municipais de nove das dez principais cidades do país e triplicando o seu número de representantes electos. A cita coas urnas tamén se saldou co estrepitoso fracaso anunciado dos socialistas e unha lixeira baixada da histórica formación nacionalista do Istiqlal, así como do auxe do Partido Autenticidade e Modernidade (PAM) fundado polo antigo home forte do réxime e amigo íntimo do soberano, **Fouad Ali El Himma**, que se reafirma como principal forza de oposición. A pesares de implementar toda unha serie de medidas impopulares e recortes en aras de equilibrar as finanzas públicas, o PXD aborda con con-

fianza as lexislativas de finais de 2016, que deberan saldarse coa recondución de Benkirane á fronte do Executivo, unha eventualidade que xa non infunde medo, nin dentro nin fóra de Marrocos.

Alxeria: Estabilidade ameazada

O futuro inmediato do estado magrebí inspira unha viva inquietude pola conxunción de alomenos dous factores, a saber, a cuestión sucesoria de **Abdelaziz Bouteflika**, de 78 anos de idade, que comezou o seu cuarto mandato consecutivo en abril de 2014; e a caída do prezo dos hidrocarburos, o recurso fundamental sobre o que se articula a economía e cuxos pingües ingresos garanten unha certa estabilidade interna. O veterano xefe do Estado atópase visiblemente lastrado polas secuelas do seu máis recente accidente cardiovascular, en 2013, se ben é un feito que concentra nas súas mans máis poder que calquera dos seus predecesores. A través do seu delfín, o seu irmán **Saïd Bouteflika**, e do seu ministro de Defensa, o xeneral **Ahmed Gaïd Salah**, Bouteflika consolidou o seu ascendente sobre o aparato de seguridade estatal, pasando mesmo por riba da tutela do exército e precipitando a saída do xeneral **Mohamed Mediène**, alias **Tawfiq**, xefe máximo do Departamento de Intelixencia e Seguridade, o temido e outrora todopoderoso DRS, que foi disolvido.

Pero a enfermidade obriga a Bouteflika a limitar a súa actividade e, se ben o seu primeiro ministro, **Abdelmalek Sellal**, e o seu xefe de gabinete, **Ahmed Ouyahia**, suplen o cotiá das responsabilidades de goberno, albíscanse turbulencias no horizonte, precipitadas pola caída do curso do cru. Vítima do seu inmovilismo, o país non soubo aproveitar os

anos de vacas gordas para implementar unha efectiva diversificación da súa economía. Malia o descenso dos ingresos, o Estado vese na obriga de manter o nivel de gasto, nomeadamente a subvención dos produtos alimentarios e enerxéticos, para manter a paz social. Unha situación que se antolla insostible. Os febles equilibrios sobre os que repousaba a estabilidade do país vense ameazados e os inevitables recortes orzamentais ben puideran erosionar os xa de por si fráxiles consensos, e supor o auxe de reivindicacións, máis ou menos violentas, de corte político e social.

Tunicia: No bordo da implosión

A atribución do premio Nobel da Paz ao cuarteto para o diálogo contrasta coa morosa situación política. A cita lexislativa e presidencial coas urnas de 2014 e a “unión de razón” entre Nidaa Tounes, partido vencedor, e os islamitas de Ennahda, aporta, alomenos sobre o papel, unha fórmula inédita de estabilidade governamental. Pero o tan esperado despegue trala formación do executivo do presidente Béji Caïd Essebsi non sucedeu. A economía, falta de reformas e incapaz de xerar confianza, non sae do seu letargo e Tunicia entrou en recesión. O tenso clima social, nomeadamente no Sur e no Oeste, ten derivado nunha onda de protestas sen parangón desde a ‘revolución de xasmín’, con franxas de poboación que rexeitan o poder central. As dificultades do Goberno para cubrir os gastos correntes están chamadas a aumentar nos meses vindeiros, e máis habida conta da chegada a termo do prazo para a devolución dos cuantiosos préstamos contraídos tralas revoltas de 2011. Ademais, o terrorismo islamita ten golpeado con forza en 2015, tanto no Bardo, en plena capital, como en Sousse,

arreando as informacións sobre o inminente retorno de parte dos milleiros de tunisianos que acudiron ao chamado do Daesh, e que remataron por afundir o xa maltreito sector turístico.

Perante desafíos de tal calibre, a resposta política é inconsistente. Trala elección do seu fundador á presidencia da República, **Nidaa Tounes** ten implosionado, minado pola guerra entre clans, cunha liña política en tea de xuízo pola alianza con Ennahda e valéndose na súa fronte interna de métodos que podería suscribir a mesmísima Reagrupación Constitucional Democrática (RCD) do derrocado **Ben Ali**. Unha crise partisana en toda regra que xa apunta cara unha primeira e gran escisión abandeirada por **Mohsen Marzouk** e, o que é peor, o divorcio de Nidaa Tounes co seu electorado a poucos meses das municipais e rexionais do próximo mes de outubro.

Libia: Risco de colapso

O país do deposto **Muammar El Gaddafi** segue a suscitar unha inquietude xeralizada, tanto na rexión como ao outro lado do Mediterráneo, en Europa. A expansión territorial da organización do Estado Islámico, firmemente asentada neste país, arredor de Sirta, sobre o litoral central, e a chegada de cada vez máis combatentes estranxeiros á zona, é seguida con inquietude por Occidente. É o froito do caos que reina en Libia cinco anos despois do inicio da “revolución” de 2011. Tras un inicio democrático prometedor o país escindiuse en dous parlamentos antagónicos aos que se sumaron sendos bloques militares que se enfrontan desde 2014. Á esta fractura xeral entre Trípoli e Tobrouk hai que engadir toda unha serie de *clivages* locais,

identitarios e tribais. O pretendido acordo entre gobernos rivais subscrito a finais de 2015 en Skhirat, localidade marroquí escenario das negociacións, baixo os auspicios de Nacións Unidas, viuse lastrado desde os seus mesmos cimentos pola non representatividade das delegacións signatarias do mesmo, e ten unha difícil concreción sobre o terreo. Inestabilidade e inseguridade, e as súas derivadas, caos e anarquía, seguen a ser a tónica.

3.2 Polonia e o pseudoeuropeísmo dos PECO

Katarzyna Araczevska

O que vai marcar o ano 2015 na historia moderna de Polonia é que, por primeira vez desde o restablecemento da democracia en 1989, un partido gañou por maioría absoluta as eleccións parlamentarias. A vitoria da formación nacionalista e ultraconservadora Lei e Xustiza (PiS) significa para Polonia un xiro máis á dereita e para a Unión Europea (UE) máis problemas en Europa Central e Oriental, onde xa se pode observar unha certa crise das ideas europeístas.

A política emprendida por Lei e Xustiza, tanto no plano internacional como no interno, en curto tempo contribuíu ao arrefriamento das relacións de Varsovia coa UE. Por primeira vez na historia da UE, en xaneiro, a Comisión Europea iniciou o mecanismo -introducido en marzo de 2014- para avaliar se os Estados membro garanten no seu seo as regras do Estado de Dereito. O proceso contra Polonia púxose en marcha por mor dunha serie de reformas impulsadas polo goberno de **Beata Szydło**, en particular en relación ao Tribunal Constitucional.

O partido gobernante negou a validez das eleccións de cinco xuíces para o Tribunal Constitucional efectuados polo Parlamento do mandato anterior, designando no seu lugar os seus propios candidatos. Dúas sentenzas do Tribunal, nas que analiza as leis que deron lugar aos procedementos postos en marcha polo “antigo” goberno da Plataforma Cívica (PO) e o “novo” goberno de Lei e Xustiza, expedíronse sen poñelas en marcha polo Executivo (as emendas da lei gobernante ao réxime do Tribunal introducidas tanto por PO como PiS declaráronse en parte inconstitucionais). En consecuencia, Polonia enfrontouse coa mais grave crise constitucional ao longo dos últimos 25 anos. A terceira emenda -nun plan de 6 meses- de devandita lei introducida polo goberno, que asume un cambio substancial do funcionamento do Tribunal, diminuindo o seu papel na orde constitucional do país, non contribuíu a resolver a crise. A lei limita significativamente as competencias dos xuíces e modifica, entre outros, o sistema de votación que, segundo a oposición, provoca dúbidas graves de natureza constitucional.

Con todo, o asunto do Tribunal non é o único que inflamou os socios europeos de Polonia. Lei e Xustiza reforzou tamén o control sobre os medios públicos promovendo a creación de medios nacionais, baixo a vixilancia do Ministro de Tesouro. A reforma, segundo as asociacións de xornalistas e as organizacións intergubernamentais, sobre todo a Federación Internacional de Helsinki, suscita dúbidas con respecto á liberdade de expresión e a independencia dos medios públicos.

Igualmente, a emenda da lei de servizo civil foi un paso controvertido. A reforma permite unha “limpeza” na administración pública, apartándose da idea de neutralida-

de do servizo civil. A lei supón un despedido automático dos altos funcionarios públicos, tales como os directores dos departamentos nos ministerios, quen poderán ser empregados de novo tras unha verificación. É máis, segundo as disposicións da nova lei, para eses postos xa non se van a organizar concursos -é dicir, as altas funcións vanse a exercer vía nomeamento. O PiS decidiu tamén dotar de máis poder á policía, sobre todo para vixiar os cidadáns en Internet sen control efectivo do poder xudicial.

A metamorfose da política interna en Polonia é radical, pero non é algo co que a UE non se enfrontou aínda. Coas reformas empregadas polo partido de **Jarosław Kaczyński**, o xemelgo do traxicamente falecido presidente de Polonia, **Lech Kaczyński**, non é posible non notar as similitudes entre a situación actual en Polonia e os acontecementos en Hungría trala chegada ao poder do partido Fidesz-Unión Cívica Húngara. O primeiro ministro húngaro, **Viktor Orbán**, foi en *enfant terrible* da UE ao longo dos últimos anos. As reformas introducidas polo seu goberno, similar ás reformas postas en marcha en Polonia, percíbíanse como incompatibles coas regras do Estado do Dereito e a idea da separación de poderes. De feito, o procedemento iniciado contra Polonia foi introducido precisamente como resultado da impotencia da UE fronte os pasos antidemocráticos de Hungría.

Con todo, a tensa situación entre Varsovia e Bruxelas é moito máis grave desde o punto de vista da UE que a crise nas relacións con Hungría, e por dúas razóns. Primeira, a posición de Polonia é moi diferente da húngara. Polonia é un país moito máis grande e poboado que Hungría, situado na fronteira

da UE, que tradicionalmente foi un dos máis pro-europeos na parte central e oriental de Europa. Neste contexto, a anti-alemá política do goberno de Szydło (outra vez similar á de Hungría), e a moi significativa retirada das bandeiras europeas dos enclaves dos edificios públicos, a penas un par de semanas logo da súa toma do poder, poden establecer de novo as antigas divisións entre a “vella” e a “nova” UE.

No entanto, o que vai marcar o equilibrio nas relacións entre Bruxelas e os Países de Europa Central e Oriental (PECO) é a posición de Lei e Xustiza respecto ao tema principal que contrariou aos membros da UE ao longo do último ano, é dicir, os refuxiados. Cando durante o encontro do Consello da UE en setembro os membros da Unión tomaron decisións sobre a posible admisión e o reparto dos refuxiados en toda a UE, o único país do chamado Grupo Visegrad, composto por Polonia, Hungría, República Checa e Eslovaquia, que non votou en contra da admisión dos inmigrantes, foi Polonia. Con todo, tralo cambio de poder en Varsovia, mudou tamén o punto de vista sobre este asunto. A ideoloxía nacionalista e cristiá de PiS non deixa espazo para aceptar a acollida dos musulmáns, o que significa que agora respecto dese tema, os PECO falan cunha voz unida.

A intransixente posición dos PECO sobre os refuxiados e o crecente euroescepticismo poden ter as súas raíces na historia de Europa Central e Oriental, que foi deixada na zona de influencia da Unión Soviética durante case 45 anos. A consecuencia deste “peche”, as sociedades dos PECO son moi homoxéneas tanto no sentido étnico como relixioso (a excepción é a República Checa, onde a maior parte non profesa ningunha relixión). Nesta zona, a no-

ción de “integración europea” tamén significa outra cousa que na “vella” UE. A adhesión á UE na parte oriental de Europa percibíase máis ben como un xeito natural de terminar a transición entre o comunismo e a democracia, máis un xeito de mellorar o nivel de vida que unha adopción das ideas dun mundo multinacional e multicultural, o que agora parece sinalar unha fenda infranqueable.

A fase preliminar de avaliación dos estándares do Estado de Dereito en Polonia iniciada pola Comisión Europea é a primeira de tres posibles. Nun segundo paso, a Comisión pode propoñer recomendacións ao país afectado e, en última fase, se as violacións aos valores comunitarios son “graves e persistentes”, a Comisión pode propoñer sancións, tales como a suspensión do dereito de voto do país no Consello da UE. Con todo, **Viktor Orbán** xa adiantou que o seu país non apoia-rá eventuais sancións contra Polonia, o que significa que á UE fáltanlle medios, polo menos políticos, para arranxar a situación na Europa Central. Con todo, o que sempre queda a Bruxelas son os medios económicos, que poden resultar moito máis efectivos, en particular tendo en conta que é o que parece ter máis valor nos PECO.

3.3 Palestina (2015): normalizando a ocupación e o apartheid?

José Abu Tarbush

A prolongada ocupación colonial dos territorios palestinos en 1967, sen perspectivas de resolución a curto nin a medio prazo, non é ningunha novidade. Así a todo, parece terse transformado na normalidade ou, dito

con maior precisión, no intento por normalizar unha situación tan anómala como a ocupación militar israelí, que perdura desde fai unhas cinco décadas. Nada indica que esta situación vaia a cambiar substancialmente nos próximos anos. É de temer, por tanto, que a ocupación alcanzará o seu medio século de existencia en 2017. Isto significa que non se aplicará a solución de dous Estados, nin tampouco se materializará o proclamado e recentemente recoñecido Estado palestino.

Negativa israelí

A previsión deste escenario descansa, fundamentalmente, na manifesta e sistemática negativa de Tel Aviv a poñer fin á súa ocupación militar. Por se quedaba algunha dúbida, o propio primeiro ministro **Benjamín Netanyahu** encargouse de disipala durante os ataques á Franxa de Gaza no verán de 2014. Entón manifestou que nunca aceptaría un Estado palestino plenamente soberano en Cisjordania. Non se refería a unha suposta desmilitarización, senón a que non tiña cabida outra entidade estatal - con existencia soberana e independente- ao oeste do río Xordán que non fose a israelí. O seu rexeitamento a un Estado palestino foi reiterado durante a pasada campaña electoral israelí, en marzo de 2015.

Por primeira vez, o primeiro ministro israelí deixaba de dicir en público unha cousa e, logo, facer outra ao contrario. Entón afirmou sen ambaxes o que realmente pensaba e facía: reter os territorios palestinos e continuar a súa incesante colonización. Esta política de asentamentos socava a base territorial dun futuro Estado palestino e imposibilita a solución dos dous Estados que, cabe recordar, é a opción que maior consenso político

e xurídico posúe na sociedade internacional.

O secretario de Estado norteamericano, **John Kerry**, advertiu en 2013 que o tempo para aplicar dita solución esgotábase, apenas quedaba un ou dous anos como máximo. Logo sería inviable. Ese tempo xa pasou. Máis recentemente, en decembro de 2015, reiterou que a persistencia da ocupación israelí conducía a un Estado binacional. Aínda que Washington non apoia esta opción, advertía sobre a deriva israelí ao prolongar a súa ocupación e persistir na colonización do territorio palestino coa multiplicación dos asentamentos e o número de colonos (incrementado nuns 300.000 en Xerusalén Leste e preto de 400.000 en Cisjordania, onde podería elevarse a 600.000 en 2019).

Nin dous Estados, nin un binacional

Paradoxalmente, canto máis apoio cobrou na escena internacional a denominada solución dos dous Estados máis se afasta a súa aplicación. No ámbito político e diplomático, Palestina adquiriu un novo estatus na ONU como Estado observador non membro en novembro de 2012; e o Estado palestino, cinguido ás fronteiras de 1967, foi recoñecido por uns 136 Estados, entre os que destacan algúns membros da Unión Europea. Suecia recoñeceuno en outubro de 2014; e varios parlamentos europeos - o español, entre outros- cominaron aos seus respectivos gobernos a recoñecelo.

Pero, de momento, a única opción existente sobre o terreo é o actual status quo de ocupación e segregación, que só ameaza con prolongarse e producir máis violencia e dor. Entre o mar Mediterráneo e o río Xordán só existe un Estado, o israelí, no que a súa ci-

dadanía goza do respecto aos dereitos humanos, as liberdades civís e as regras do xogo democrático. Paisaxe do que está excluída a poboación palestina que, dividida en diferentes sub-categorías, sofre a tiranía da segregación e dunha prolongada e indefinida ocupación militar.

Como potencia ocupante, Israel ten a capacidade - aínda que non a vontade - de poñer fin á súa ocupación militar e dar lugar a un Estado palestino que coexista en paz e seguridade co israelí. A outra opción que ten é desmantelar a súa estrutura de ocupación militar e segregación racial, coa integración da poboación palestina como parte da súa cidadanía, dotándoa dos mesmos dereitos que posúe a israelí. Esta solución dun só Estado, binacional, de todos os seus cidadáns, cos mesmos dereitos, independentemente da súa orixe étnica ou confesional, é a que quedaría aínda por explorar.

Moitas voces, israelís e palestinas principalmente, reclaman de xeito crecente esta opción non só pola inviabilidade da dos dous Estados, senón por considerala máis xusta, estable e, a longo prazo, duradeira. Consideran que a resolución da cuestión palestina non se reduce soamente aos territorios ocupados por Israel en 1967, senón que a raíz do problema remite á limpeza étnica da que foi obxecto Palestina entre 1947 e 1948, durante os acontecementos que rodearon a creación do Estado israelí.

Desde esta óptica, a minimalización do Estado palestino só solucionaría, no mellor dos casos, unha parte do problema, pero deixaría sen resolver a relevante cuestión dos refuxiados e o seu dereito ao retorno. Sen esquecer a discriminación institucionalizada que sofre a denominada minoría árabe-israelí,

igualmente, os palestinos con cidadanía israelí, integrada por 1.390.000 habitantes (o 17,6% da poboación israelí); e que é percibida como unha especie de “quinta columna” ou ameaza demográfica. Sen incluír nesta categoría á poboación palestina en Xerusalén Leste (330.000), por carecer de cidadanía israelí, pese a que as fontes israelís adoitan incluíla como parte de devandita minoría.

Seguramente, á luz dos acontecementos violentos que se rexistran en Xerusalén e parcialmente en Cisjordania desde setembro de 2015, parece unha idea fora de lugar ou, cando menos, pouco realista. Si nesta cidade binacional *de feito* non poden convivir pacificamente palestinos e israelís, cabe preguntarse por que sería diferente nun futuro Estado unificado e binacional *de iure*. Un razoamento similar facíase na Sudáfrica do *apartheid* ante un futuro sen segregación racial.

Pero a pregunta parece trucada. A convivencia pacífica prodúcese nun espazo de liberdade e xustiza, non onde domina a súa privación e reina a vexación e humillación de xeito sistemático e cotiá. Desde 1967, varias xeracións de palestinos non coñecen outro horizonte que a ocupación, a opresión e a discriminación. Non teñen ningún porvir nin advirten perspectivas de solución. Esta acumulada frustración explicaría os ataques individuais, de acoitelamento, sen dirección nin organización política. É máis, reflicten tamén unha falta de credibilidade nos distintos actores políticos e, en particular, na Autoridade Palestina (AP), que non proporciona protección á poboación baixo a súa administración nin fronte a Israel. De feito, esta vaga de violencia vén precedida pola dos colonos, que queimaron viva a unha familia palestina en Cisjordania a finais de xullo.

Sen esquecer a violencia estrutural da ocupación militar.

Apartheid, resistencia e violencia

Non parece que estas opcións de resolución estean próximas nin sexan contempladas polos actuais dirixentes israelís. Cun dos gobernos máis escorados cara á ultradereita nacionalista e relixiosa da súa historia, nada indica unha estratexia alternativa. De feito, o goberno que preside Netanyahu oponse a toda solución que non sexa a prolongación do actual status quo. Non está disposto a compartir o territorio cun Estado palestino, pero tampouco a conceder os dereitos de cidadanía do seu Estado á poboación palestina que ocupa.

Pola contra, amosa unha clara disposición a manter a ocupación segregacionista e asumir os custes da súa política colonial. A súa intransixencia aséntase no tradicional respaldo e inmunidade internacional; nunha potente maquinaria militar; e nun aparello de propaganda que culpabiliza ás vítimas e descualifica toda crítica á súa política. Semeillante atrincheiramento non é do todo alieo á actual conxuntura rexional, de profunda inestabilidade e conflitividade, nin á persistente debilidade e división palestina.

As revoltas anti-autoritarias coñecidas xenericamente como *Primavera árabe* (2010-2011) só concretaron o seu triunfo en Tunisia, cunha transición á democracia ameazada polo terrorismo xihadista e unha importante debilidade socioeconómica. En Bahrein e Exipto reforzouse o autoritarismo. Mentres que en Libia, Iemen e Siria, a autoridade gobernamental minguou ou desapareceu por completo debido á confrontación civil e as intervencións externas, dando lugar

a Estados fallados. Sen esquecer outras situacións parcialmente similares, retroalimentadas desde moito antes como en Iraq; e as ameazas de contaxio ou expansión por diferentes países da zona como Líbano e Xordania, entre outros.

En suma, toda a rexión atópase inmersa nun clima de alta tensión, con diferentes rexistros de crises, inestabilidade e conflitos armados. As súas rupturas internas (entre oposición e goberno) entrecrúzanse e solapan coas externas, de rivalidade rexional (Arabia Saudita e Irán) e internacional (Rusia e EUA); ademais das transnacionais articuladas pola urxencia e expansión do autodenominado Estado Islámico ou Daesh (polas súas siglas en árabe).

Pola súa banda, o conxunto do movemento palestino permanece débil e dividido. Xunto á crecente fragmentación territorial de Cisjordania, a separación de Xerusalén Leste, e o continuo illamento ou bloqueo de Gaza, persiste o desencontro político entre os movementos palestinos Fatah e Hamás. Pese ás sucesivas negociacións e acordos teoricamente alcanzados, ambas organizacións amosaron unha reiterada incapacidade para apartar as súas diferenzas partidistas en favor da unidade nacional.

As súas discrepancias non só son políticas e ideolóxicas, senón tamén estratéxicas sobre como confrontar a ocupación: resistencia armada ou política e diplomática. Hamás non outorga crédito á aposta da AP. Entende que o seu esforzo de internacionalización da resolución do conflito (crecente recoñecemento internacional do Estado palestino e adhesión a tratados internacionais como o da Corte Penal Internacional) non vai a ningún sitio sen o respaldo dun poder efectivo sobre

o terreo. Mentres a AP responde que a alternativa armada non conduce máis que a un círculo incesante de destrución e sufrimento.

A estas diferenzas súmase a crecente contestación interna á actual dirección da AP, ata dentro das filas de Fatah, o partido gobernamental. Os seus críticos céntranse na figura de **Mahmud Abbas**, a quen reprochan non ter nomeado sucesor, non convocar eleccións nin adoptar reformas para acabar coa corrupción na súa administración; ademais de amosar un crecente autoritarismo cara ás voces críticas e disidentes.

Con este panorama non parece que Israel dea prioridade á negociación ou chegar a un arranxo coa AP, salvo manter a coordinación en materia de seguridade. Ante o seu hipotético deterioro ou suspensión, o goberno israelí está adoptando medidas fronte ao que entendería como un colapso da AP por incumprir a función que unilateralmente asignoulle, de subcontrata da seguridade da ocupación. Pola contra, a súa principal atención focalízase nos cambios que se están producindo na rexión. En particular, no ascenso rexional de Irán; e, tras selarse o acordo nuclear en Viena, en xullo de 2015, na súa crecente rehabilitación internacional logo de catro décadas de illamento. De feito, as principais intervencións militares israelís no conflito sirio dirixíronse contra o movemento libanés Hizbulá, que na actualidade é o máis importante aliado de Teherán alén das súas fronteiras.

No entanto, é de temer que a aposta israelí nas súas tradicionais bazas estratéxicas non estea obtendo os resultados esperados; e ata nalgúns casos produza efectos contrarios aos buscados. No espazo exterior a súa imaxe viuse crecentemente desacreditada. O mo-

vemento do BDS (Boicot, Desinvestimento e Sancións) gaña cada día novas e importantes adhesións na sociedade civil transnacional ou global. Mentres que no ámbito interno a súa (etno) democracia se degrada e baleira de contido en favor da supremacía racial e maioría demográfica xudía. A súa corrupción moral tamén ten efectos perversos na propia cidadanía israelí. A nova lei fiscalizadora das ONG que reciben fondos do exterior busca acalar aos sectores críticos coa súa política de ocupación.

Máis aló das diferentes conxunturas, unha cousa parece asegurada: mentres persista a política de ocupación e *apartheid*, seguiranse producindo novos ciclos de protestas e violencia, que se suceden ao longo de preto de cinco décadas de ocupación, prolongando un sufrimento innecesario, que afecta principalmente aos palestinos, pero tamén aos israelís.

(3) *Convenio sobre leyes y costumbres de la guerra terrestre* (La Haya IV), 18 de outubro de 1907.

tección humanitaria, xa desde o Primeiro Convenio de Xenebra de 1864. Pese a que tratou de presentarse como unha homenaxe á figura de **Henry Dunant**, fundador do Comité Internacional da Cruz Vermella e impulsor do DIH, e á súa bandeira suíza natal (cruz branca sobre fondo vermello), quírase ou non, a cruz ten un significado relixioso cristián e, por tanto, tras múltiples presións de moitos países e de utilización *de feito* doutros símbolos, en 1929 aceptouse a media lúa vermella como emblema adicional nunha Conferencia diplomática.

O DIH contido nos Convenios de Xenebra e os protocolos adicionais contén unhas vagas referencias a aspectos culturais e de respecto a diversas culturas e prácticas relixiosas nos apartados de protección dos detidos, das poboacións dos países en conflito ou dos territorios ocupados⁽⁴⁾, cuxa análise supera o obxectivo desta reflexión.

O recoñecemento de que o DIH convencional limita, ata desde a perspectiva xurídica, outras concepcións humanitarias, fixo que o propio Comité Internacional da Cruz Vermella (CICR) emprendese un valioso esforzo de recompilar as normas consuetudinarias que se consolidaron noutros contextos culturais e relixiosos ao longo da historia⁽⁵⁾.

Aspectos culturais e acción humanitaria na práctica

Desde unha perspectiva máis práctica

e aplicada, o “Código de conduta relativo ao socorro en casos de desastre para o Movemento Internacional da Cruz Vermella e da Media Lúa Vermella e as Organizacións Non Governamentais”⁽⁶⁾ aprobado en 1994 e que é, de feito, a referencia básica en materia de compromisos mínimos en materia de valores e principios humanitarios por parte das institucións asinantes, contén no seu punto quinto unha referencia á cultura que sempre sorprendeu pola súa brevidade:

“5. Respectaremos a cultura e os costumes locais. Empeñarémonos en respectar a cultura, as estruturas e os costumes das comunidades e os países onde executemos actividades”.

A axuda humanitaria foi, en moitas ocasións, impositiva e pouco respectuosa das culturas locais, pero unha formulación tan parca segue deixando demasiada marxe de interpretación e así foi tamén logo da aprobación do Código. Precisamente por iso, o inicio dos debates sobre multiculturalismo e os cambios nos movementos migratorios na era da globalización, chamaron a atención dos actores humanitarios sobre a necesidade de incluír novas miradas aos aspectos culturais e sobre a conveniencia de sofisticar algo máis as simplistas visións asistenciais de certo humanitarismo. O crecemento da acción humanitaria en contextos culturais moi diversos e, especialmente, en contextos islámicos, acelerou estes debates. Hai que dicir tamén que os propios colectivos “beneficiarios” da axuda humanitaria en moitos contextos culturais contribuíron coas súas presións e propostas a ir incorporando enfoques máis incluíntes da diversidade cultural.

(4) BOTHE, Michael: “Multiculturalism and the Development of International Humanitarian Law”. En *Multiculturalism and International Law. Essays in Honour of Edward McWhinney*. Brill-Nijhoff Ed. 2009.

(5) Pode consultarse o compendio en <https://www.icrc.org/es/guerra-y-derecho/tratados-de-dih-y-el-dih-consuetudinario/derecho-consuetudinario>

(6) Pode consultarse o Código completo en <https://www.icrc.org/spa/resources/documents/misc/64zpm8.htm>

Quizais un dos ámbitos nos que esta nova visión de aspectos culturais plasmouse con máis forza foi o das prácticas de traballo con pobos orixinarios e comunidades indíxenas no que nalgúns países deuse en chamar o enfoque diferencial e étnico no traballo humanitario. Este enfoque trata de superar unha das críticas á acción humanitaria que a presenta como unha sorte de “neocolonialismo sofisticado” ao servizo de obxectivos nada humanitarios. Nun recente traballo emprendido desde o noso instituto, o IECAH, **Laura Langa** suscita o seguinte modo⁽⁷⁾:

“As comunidades indíxenas asumen, ás veces con resignación, queixa, decepción ou optimismo, as experiencias que sobre elas se ensaian e poucas veces se debaten ou comparten. Por iso, o reclamo reside en deixar de ser funcionais ao “poder” e cómplices da reprodución da desigualdade e discriminación. Quizais por iso, a acción humanitaria debe asumir enfoques máis vinculados aos dereitos, porque a maquinaria da acción humanitaria é un dos engraxes que co seu traballo pode debilitar, asegurar ou acompañar aos pobos indíxenas no uso do dereito á saúde, a uns alimentos adecuados..., apoiando os seus procesos de autodeterminación sen perder de vista as normas internacionais sobre dereitos humanos que advirten da responsabilidade moral e legal de garantir estes dereitos”.

Nesta evolución da acción humanitaria é destacable a aprobación en 2015 da chamada Norma Humanitaria Esencial (CHS, polas siglas en inglés de Common Humanitarian Standard) tras un longo proceso de discusión entre numerosos actores e iniciativas huma-

nitarias que conteñen nove compromisos e criterios de calidade que sitúan ás comunidades e persoas afectadas, e por suposto ás súas culturas, no centro de toda acción humanitaria merecedora dese nome. Así, recóllense aspectos como⁽⁸⁾:

1. As comunidades e as persoas afectadas por crises humanitarias reciben unha axuda adecuada en relación coas súas necesidades (...)
2. As comunidades e persoas afectadas por crises humanitarias non se ven prexudicadas e están máis preparadas, son máis resilientes e están menos expostas ao risco como resultado da acción humanitaria.
3. As comunidades e persoas afectadas por crises humanitarias coñecen os seus dereitos, teñen acceso á información e participan en todas as decisións que lles afectan.
4. As comunidades e persoas afectadas por crises humanitarias teñen acceso a mecanismos seguros e áxiles para xestionar as queixas.

Evidentemente, aínda queda moito por facer pero o mundo humanitario parece comprender a enorme diversidade cultural do mundo no que vivimos, a necesidade de adecuarse ás diversas prácticas culturais, e de abordar, polo tanto, os dereitos das comunidades e persoas coas que se traballa de modo máis complexo. Traballar por recuperar a dignidade e satisfacer as necesidades e dereitos das persoas e comunidades afectadas por desastres ou conflitos é algo universal, pero o

(7) LANGA, Laura. “Pueblos indígenas y acción humanitaria en América latina y el Caribe”. IECAH. Pendente de publicación.

(8) Citamos só algúns dos compromisos. Poden verse todos eles en http://www.iecah.org/web/index.php?option=com_content&view=article&id=2710:version-final-de-la-norma-humanitaria-esencial-en-ingles&catid=15:articulos&Itemid=9

modo de facelo pode diferir.

A celebración do primeiro Cume Humanitario Mundial en Istambul no mes de maio de 2016, no que se abordará este tema, suscita unha oportunidade excelente para profundar nunha dimensión que o humanitarismo non resolveu ao longo da súa historia.

4.4 Procesos de integración económica mundial en 2015

Jaume Giné

En 2015, a desaceleración económica mundial afectou principalmente a algunhas economías emerxentes que exerceran nos últimos anos como motores do comercio mundial. Sumáronse varios factores interconectados: a brusca caída dos prezos das materias primas, unha forte desaceleración das exportacións, uns maiores déficits orzamentarios, unha fuga dos capitais estranxeiros, a caída da cotización das súas divisas que frearon os investimentos, o endebedamento das grandes empresas dos emerxentes tamén en dólares, etc. E, ademais, deberán afrontar os efectos da subida dos tipos de interese adoptada en decembro pola Reserva Federal de EUA (FED).

A recesión económica penalizou moito a Brasil, Rusia e outros países exportadores de materias primas que sofren a desaceleración da demanda chinesa. A Organización Mundial de Comercio (OMC) intentou lograr, pola vía das negociacións multilaterais, unha nova redución das barreiras arancelarias e non arancelarias que obstrúen os intercambios comerciais. A última rolda Doha colapsou tras 14 anos de infrutuosas negociacións entre os países desenvolvi-

dos e os emerxentes e en vías de desenvolvemento. Non foi posible alcanzar un consenso entre os 161 Estados membros da OMC. A era dos acordos multilaterais terminou entre tensións xeoestratéxicas e económicas. E aceleráronse como vía alternativa as negociacións de máis acordos de libre comercio de alcance rexional ou bilateral.

O centro de gravidade económico mundial vaise asentando en torno ao Pacífico e o Índico en detrimento do Atlántico. Un proceso centrado nos grandes mercados de China, India, Indonesia e outros países emerxentes da rexión. Tamén os países da fachada occidental do continente americano viran cara ao “Pacific Rim”. China, o motor económico da rexión, xa ten vixentes varios acordos de libre comercio (FTA) destacando os concluídos coa ASEAN, Corea do Sur, Taiwán, Australia e Chile. E Corea do Sur concluíu en 2015 outros tres con China, Australia e Nova Zelandia. Unha dinámica internacional na que entraron en xogo outros dous importantes acordos de libre comercio, un centrado no Pacífico (o TPP) e outro no Atlántico (o TTIP). Dúas propostas das dúas grandes potencias que pretenden liderar política e economicamente o “Pacific Rim”.

Pero cabe engadir que igualmente avanza outros procesos de integración: en Asia Central, o 1º de xaneiro de 2015 entrou en vigor a Unión Económica Euroasiática (UEE) liderada pola Rusia de **Vladimir Putin**; no sueste asiático, onde o 1º de xaneiro de 2016 iniciou a súa singradura a Comunidade Económica de ASEAN (AEC); en América Latina onde contrasta co impulso da Alianza do Pacífico coa profunda crise de MERCOSUR; e en África onde se avanzou cara a futura creación dunha vasta área comercial que agrupa-

ría a 26 países africanos que son membros de tres rexionais (COMESA, EAC e SADC). Pero nesta análise centrámonos no TPP, o TTIP e a UEE.

O Acordo Transpacífico

O 5 de outubro de 2015 pechouse a negociación do Acordo Transpacífico (TPP) que inclúe EUA, Xapón e outros 10 países de Asia-Pacífico (Canadá, Australia, Nova Zelandia, México, Perú, Chile, Singapur, Malaisia, Brunei e Vietnam). Representan cerca do 40% da economía mundial. E poderían sumarse ao TPP outras economías como Corea do Sur, Filipinas, Indonesia e Tailandia. É unha aposta estratéxica liderada por EUA contando con Xapón, o seu principal aliado na rexión, para contrapesar a penetración económica de China convertida no principal socio comercial de case todos os países de Asia-Pacífico.

China lanzara a EUA dous retos, comercial e financeiro. O primeiro durante o 22^a Cumio de APEC celebrado en Beijing en novembro de 2014, ante os líderes das 21 economías de ambos lados do Pacífico. O presidente chinés **Xi Jinping** propuxo a creación dunha ampla área de libre comercio en Asia-Pacífico (FTAAP) para contrarrestar o TPP impulsado por Barack Obama sen contar con China. O segundo, mingua a hexemonía financeira de EUA baseada nas anquilosadas institucións internacionais (BM e FMI) vixentes desde 1944.

China liderará o Banco Asiático de Investimentos en Infraestruturas (AIIB) con sé en Beijing, que arrincou en abril de 2015 con 57 países fundadores. Un rotundo éxito diplomático que sorprendeu a Washington e Tokio. O AIIB compite co Banco Asiático de Desenvolvemento con sé en Manila (Filipi-

nas), e que ten a Xapón como o seu principal contribuínte financeiro. Tamén é un instrumento para a gradual internacionalización da moeda chinesa, o iuan, nas transaccións económicas internacionais, en detrimento do dólar e o ien. Unha firme ambición de Beijing que conta co apoio da City de Londres. E que quedou reforzada coa decisión do FMI de incluír o iuan na cesta de moedas de reserva que conforman os Dereitos Especiais de Xiro (DEX) e que será operativa a partir do 1^o de outubro de 2016.

Washington reaccionou e logrou, superando fortes resistencias internas, que o Senado aprobase unha Lei outorgándolle o “Fast Track Trade Promotion Authority” (TPA), un mecanismo acelerado para negociar o TPP. Unha vez concluído, o Congreso tan só poderá aprobalo ou rexeitalo na súa totalidade. Nun contexto máis favorable, Obama asistiu, entre o 18 e 19 de novembro, ao 23^a Cumio do Foro de Cooperación Asia-Pacífico (APEC) que reuniu en Manila aos líderes de 21 economías de ambos lados do Pacífico. Logo voou a Kuala Lumpur (Malaisia) para participar nas reunións celebradas no marco do 27^o cumio da Asociación de Nacións do Sueste Asiático (ASEAN).

Obama e o primeiro ministro xaponés **Shinzo Abe** souberon sacar proveito dunha suma de factores económicos e xeoestratéxicos: a) a desaceleración da economía chinesa está afectando negativamente ao resto de economías asiáticas, principalmente ás exportadoras de materias primas, moi prexudicadas polo brusco freo da demanda chinesa; e b) as reivindicacións territoriais de Beijing nos mares de China meridional provocan crecentes tensións políticas e militares cos países veciños do sueste asiático. Estes non queren

quedar á mercé do coloso chinés e buscan un reequilibrio estratéxico impulsando a cooperación política e económica con EUA. Tamén con Xapón, Corea do Sur e Australia. Explícase que catro países membros de ASEAN (Malaisia, Singapur, Brunei e Vietnam) asinen o TPP. Uns movementos que favorecen o “pivot” de EUA cara Asia-Pacífico, en detrimento do Atlántico. Mentres tanto, a proposta chinesa do FTAAP vai para longo.

Pero ao TPP tamén lle resta un longo camiño por percorrer antes de que logre entrar en vigor. O 5 de outubro, os ministros de Comercio só pecharon a negociación do texto. Precisarán dun longo proceso de ratificación por parte das institucións competentes de cada Estado. Obama afrontará unha forte oposición no Congreso nas vésperas das eleccións presidenciais de novembro de 2016. O populista candidato republicano **Donald Trump** oponse frontalmente. Pero tamén a candidata demócrata **Hillary Clinton** incrementou as incertezas sobre o futuro do TPP. O debate sobre as posibles bondades ou prexuízos do TPP seguirá en 2016.

Pero, unha vez en vigor, o TPP afectará directa ou indirectamente ás empresas europeas. Preocupa que os fluxos comerciais e inversores estadounidenses cara á UE poidan verse limitados por un efecto de desviación do comercio e investimento entre ou cara outros países latinoamericanos e asiáticos membros do TPP. Pero o TPP agrava a fenda entre as economías latinoamericanas, entre os que os que se abren ao exterior e os que dependen demasiado das exportacións de materias primas. Chile, México e Perú rubricaron o TPP e Colombia podería tamén sumarse. En cambio, Brasil, Ecuador e Venezuela foron duramente golpeados pola desaceleración da de-

manda chinesa.

O Acordo Transatlántico

A conclusión do Acordo Transpacífico engade máis presión aos negociadores europeos do Acordo Transatlántico sobre Comercio e Investimento (TTIP). En outubro de 2015 celebrouse a 11ª rolda negociadora en Miami (EUA). Pero o proceso iniciado en 2013 afronta moitos obstáculos e pode ir para longo. As partes aínda discutían sobre a metodoloxía e o alcance dos temas a negociar, unha cuestión previa que debería pechase na seguinte rolda a principios de 2016. Toda negociación require o seu tempo.

Cabe recordar que o TPP precisou celebrar vinte e nove roldas. Os duros e expertos negociadores estadounidenses mostraron en Miami un interese político en avanzar con maior celeridade para intentar pechar un texto durante o vixente mandato da administración Obama. O tempo político apreta ante as presidenciais de novembro de 2016 que elixirán un novo presidente que entrará na Casa Branca en febreiro de 2017. Se non se logra antes un acordo, todo complicarase mentres se aproximan as eleccións presidenciais e lexislativas en Francia e Alemaña en 2017.

O Parlamento Europeo deu, o pasado 9 de xullo de 2015, luz verde á Comisión Europea para relanzar as negociacións. Pero Bruxelas afronta a oposición ou receos dunha parte da opinión pública europea que se queixa de falta de información ou transparencia que acrecentou a mobilización dalgúns partidos políticos, sindicatos e ONG, sobre todo en Alemaña, Austria e Francia. Sorprende que ocorra nunha potencia exportadora como Alemaña, moi envorcada ao comercio exterior con Asia, que saíra moi beneficiada

co TTIP. Un debate en que se suman factores ideolóxicos e sociais nunha UE sumida nunha longa e profunda crise de liderado político e de cohesión económica e social.

Bruxelas sabe que un fracaso do Acordo Transatlántico prexudicaría moito máis á UE que a EUA. Washington deu prioridade e xa rubricou o TPP que lle abrirá aínda máis o gran mercado asiático ás empresas estadounidenses. En cambio, as empresas europeas seguen afrontando dificultades. Bruxelas só asinou tres FTA con Corea do Sur, Singapur e Vietnam aínda que está negociando con Malaisia, Filipinas e Indonesia e prevé abrir negociacións con Australia e Nova Zelandia.

O TTIP pretende crear unha vasta área de libre comercio entre EUA e a UE, un ambicioso e beneficioso proxecto que integraría dous bloques económicos que suman uns 800 millóns de persoas cun alto potencial de consumo. Aínda que apenas suman o 10% da poboación mundial, as dúas principais potencias de Occidente representan o 47% do PIB, unha terceira parte dos intercambios de bens e servizos mundiais e reciben máis do 30% das IED internacionais. O obxectivo principal é establecer un área económica libre de aranceis e de barreiras regulatorias que dificultan o comercio de manufacturas e produtos agrícolas, así como harmonizar as normas que rexen os fluxos bilaterais de investimento e do comercio de servizos.

A UE debería acelerar sen máis demoras as negociacións do TTIP para afrontar un obxectivo xeoestratéxico e económico que é chave: evitar que EUA e América Latina acaben envorcando todo o seu potencial comercial cara Asia-Pacífico, deixando de lado o Atlántico. O custo de non concluílo resultaría alto para as empresas e os cidadáns europeos.

Atención a un dato: o 90% do crecemento económico mundial terá lugar fóra da UE, o que obriga a abrir mercados fóra.

Existe unha razón engadida. Mentres o TTIP demórase, EUA, Xapón e outras economías avanzadas do “Pacific Rim” fixarán a través do TPP as normas e estándares aplicables nos ámbitos do medio ambiente, laborais, sanidade, protección da propiedade industrial e intelectual, etc. Será un marco máis esixente e transparente que o que practica China, a segunda economía mundial e o primeiro socio comercial de máis de 125 países emerxentes e en vías de desenvolvemento de todos os continentes. EUA premerá a China a acomodarse a uns estándares de comercio e investimento máis rigorosos. Pero que, nalgúns casos, poderían ser menos que os que rexen na UE. No TPP e o TTIP tamén se debate sobre cales deben ser as normas que regularán o comercio mundial das próximas décadas do século XXI.

As negociacións do TTIP amósanse complexas. Débese conxugar unha economía tan regulada como a europea con outra, a estadounidense, máis liberalizada e competitiva. Pero a UE, que non acaba de superar a crise económica, non está para dar moitas leccións a EUA. O ocorrido coa multinacional Volkswagen é un aviso para Alemaña. Bruxelas presume de negociar de igual a igual con Washington. Pero non pode durmirse. Urxe que a UE alcance un Acordo Transatlántico con EUA. O Pacífico vai acelerando mentres o Atlántico fréase.

A Unión Económica Euroasiática (UEE)

O 1º de xaneiro de 2015 entrou en vigor

o tratado constitutivo da Unión Económica Euroasiática (UEE) asinado o 29 de maio de 2014 en Astana (Kazajstán) por Rusia, Bielorrusia e Kazajstán. O 2 de xaneiro sumóuselle Armenia. E Kirguizistán fíxoo en maio. Fai-se realidade unha aposta persoal de Vladimir Putin que, en base a consideracións xeoestratéxicas e económicas, aspira a crear unha Unión Euroasiática liderada por Moscova que reagrupe aos países que no seu día integraron a ex URSS. Tamén pretende responder ao pulso político que a Unión Europea mantén con Rusia co envelenado conflito de Ucraína como problema de fondo. Putin non dixeriu que a UE asinase o 27 de xuño de 2014 en Bruxelas, tres acordos de asociación e libre comercio con Ucraína, Xeorxia e Moldavia. Tres países que Moscova teme que se afastan da órbita rusa.

A UEE constituirá un área económica de máis de 170 millóns de consumidores e inspírase na UE para crear un mercado común aberto á libre circulación das persoas, mercancías, servizos e capitais entre os seus países membros. Tamén prevé un cadro institucional cunha Comisión Euroasiática, un Tribunal e un Banco con sé en Moscova, Minsk e Almaty, respectivamente.

Con todo, os soños do presidente ruso cúmprense só parcialmente. Sen Ucraína, un país de 47 millóns de habitantes que era chave para o proxecto de integración rexional ideado por Putin, a UEE perdeu peso demográfico, potencial e viabilidade económicas e queda moi lonxe das ambicións rusas. E nace con demasiadas disparidades e asimetrías económicas e sociais porque Rusia representa o 85% da poboación e o 80% do PIB da unión. Cabe remarcar que a UE foi froito dun proxecto político liderado por Francia e

Alemaña que sumou vontades e aspiracións libremente compartidas con outros países. En cambio, a Unión Euroasiática constitúese tralas presións de Moscova sobre algunhas ex repúblicas soviéticas.

Os líderes dos países xa incorporados á UEE seguen mantendo reticencias ou reservas sobre a natureza, medios e obxectivos da nova unión. Sen Ucraína, temen quedar a expensas do exorbitante poder político, económico e militar de Moscova. E non queren verse involucrados noutra posible “guerra fría” entre Rusia e a UE. Necesitan complementar e diversificar o seu comercio exterior, incluso reforzando si cabe os seus nexos comerciais coa UE, China, Turquía e outros veciños de Europa Oriental e Asia Central.

As tensións dentro da UEE son palpables. Mentres Putin falou abertamente de que cabe evolucionar cara unha unión política cunha cidadanía, moeda e defensa comúns, o presidente kazajo **Nursultán Nazarbáyev** impuxo unha unión exclusivamente económica e amósase contrario a toda inxerencia política de Moscova nos asuntos internos e exteriores dun país riquísimo en recursos naturais estratéxicos. A intervención rusa en Ucraína preocupa especialmente en Kazajstán que conta cun 25% de cidadáns rusos. Tamén Bielorrusia recea da dominante posición rusa sobre a súa economía. Armenia xa é un protectorado político e económico de Moscova. E un terzo dos ingresos de Kirguizistán proveñen das remesas dos emigrantes que traballan en Rusia.

Moscova intenta que outros Estados entren na UEE. Tadxikistán podería verse obrigado a facelo a medio prazo. Do mesmo xeito que Kirguizistán, a súa fráxil economía depende dunhas remesas dos seus traballadores en Rusia que representan o 50% do PIB

e tamén está premido coa presenza de bases rusas no país desde 1989. Outros países como Acerbaixán, Uzbekistán e Turkmenistán recean do proxecto euroasiático de Putin. As novas elites emerxentes caucásicas e centroasiáticas levan anos conectando con Occidente e tamén viran a súa mirada cara a China e outras rexións. E séntense especialmente cómodas negociando coas grandes empresas inversoras chinesas, moi ben situadas na rexión. China é o principal socio comercial de Asia Central, o seu principal importador e gas e petróleo e financia infraestruturas que a conectan co Leste.

Ademais, a UEE inicia a súa andaina nun contexto económico internacional moi desfavorable: as sancións económicas impostas a Rusia por EUA e a UE; a brusca caída do prezo do petróleo co barril de Brent cotizando por baixo dos US\$ 50; e o rublo ruso que se esborrallou fronte ao dólar. Son tres factores que debilitaron a economía rusa sumida nunha grave recesión. Todo iso repercute negativamente nas economías de Europa Oriental e Asia Central máis dependentes do comercio e os investimentos exteriores rusos como Bielorrusia e Armenia ou ao valor das remesas dos seus traballadores como Kirguizistán e Tadxikistán.

■ 4.5 A axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible

Xulio Ríos

A Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible, adoptada unanimemente polos líderes dos 193 Estados membros da ONU en setembro de 2015, traza un novo curso para o desenvolvemento global e suxire novas opor-

tunidades para a cooperación internacional ao desenvolvemento.

Composto por 17 ambiciosos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e 169 metas, a referida axenda é un “plan de acción a favor das persoas, o planeta e a prosperidade”, que ademais busca “fortalecer a paz universal e o acceso á xustiza”, explica a axenda na súa introdución.

“Existe unha listaxe de tarefas para as persoas e o planeta, e unha folla de ruta para o éxito”, indicou o secretario xeral da ONU, **Ban Ki-moon**, no Cumio de Desenvolvemento Sostible do máximo organismo internacional.

A listaxe de tarefas abarca metas específicas, como a erradicación da pobreza extrema en todo o mundo, reducir a taxa da mortalidade materna a menos de 70 por cada 100.000 nados vivos, así como lograr progresivamente e manter o crecemento do ingreso do 40 por cento mais pobre da poboación mundial nunha taxa superior á media nacional.

A partires dos logros dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio adoptados no ano 2000 e como guía de acción para o desenvolvemento durante os próximos 15 anos, a nova axenda busca poñer fin á pobreza extrema, combater a desigualdade e a inxustiza, así como enfrontar o cambio climático.

Os Estados membros da ONU decidiron emprender o proceso para establecer unha serie de obxectivos de desenvolvemento sostible na Conferencia da ONU sobre Desenvolvemento Sostible (Río+20), celebrada en Río de Janeiro en xuño de 2012.

A un grupo de traballo aberto déuselle a tarefa de desenvolver unha serie de obxectivos para o desenvolvemento sostible, coa

contribución dos gobernos, a sociedade civil, os empresarios, os parlamentarios e todas as partes interesadas.

Despois de máis dun ano de negociacións, o referido grupo de traballo presentou as súas recomendacións para os 17 obxectivos.

En agosto de 2015, os 193 Estados membros da ONU chegaron a un consenso sobre o documento final da nova axenda e decidiron que fora adoptada no cumio a celebrarse tamén en ocasión do 70 aniversario da ONU.

Tras 15 anos cos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio como guía, as fendas aínda persisten. Segundo a ONU, arredor de 800 millóns de persoas están vivindo na extrema pobreza e 795 millóns aínda padecen fame, por citar algunhas cifras.

“Se implantamos estes obxectivos de desenvolvemento sostible, incluído o cambio climático, creo que podemos esperar que a maioría da xente poida vivir nunha situación moito mellor, mais estable e con moita maior prosperidade”, afirmou Ban na súa conferencia de prensa de fin de ano, celebrada o 16 de decembro.

O logro dos obxectivos requirirá a mobilización de billóns de dólares e de recursos que xa existen.

“Da man con outros bancos de desenvolvemento e outros grupos, xuntos elaboramos unha estratexia de incrementar realmente os recursos para o desenvolvemento desde miles de millóns a billóns de dólares. O plan vai a mudar substancialmente a maneira en que pensamos sobre o financiamento do desenvolvemento”, aseverou o presidente do Banco Mundial, **Jim Yong Kim**.

A axenda mesma tamén incorporou a posta en práctica como un dos 17 obxectivos e estipula fórmulas para acadalos a través de

medidas nos ámbitos financeiro, tecnolóxico, de capacidade construtiva, comercial e do sistema.

O documento pide aos países desenvolvidos que implementen de maneira completa os seus compromisos de asistencia oficial al desenvolvemento cos países en desenvolvemento e apela a mellorar a cooperación Norte-Sur, a Sur-Sur, a rexional triangular (entre dos países en desenvolvemento e un desenvolvido) e a internacional, ademais de reclamar o respaldo internacional á capacidade de construción dos países en desenvolvemento.

A posta en práctica e o éxito dependerá das propias políticas e plans dos países e serán liderados por eles mesmos, segundo a ONU. Os novos 17 obxectivos e as 169 metas da nova axenda serán acompañados e revisados utilizando un conxunto de indicadores globais.

O marco dos indicadores globais, que será desenvolvido polo Grupo Interinstitucional e de Expertos sobre os Indicadores dos ODS, será acordado pola Comisión Estatística da ONU en marzo de 2016.

5.

Personaxes de 2015



Imaxe: Wikipedia

Alexis Tsipras: desenganos na Primavera grega

Aos seus 79 anos, Mujica deixou a presidencia uruguaia o pasado 1 de marzo transferíndoa ao seu antecesor no cargo, Tabaré Vázquez, consolidando así a hexemonía política establecida pola progresista Fronte Ampla desde a súa chegada á presidencia en 2004. Ex guerrilleiro pertencente ao movemento Tupamaro, Mújica alcanzou notables cotas de popularidade dentro e fóra do Uruguai, particularmente grazas a un estilo político provisto de honestidade, discreción e austeridade,

un auténtico raro avis nun mundo político global penetrado pola corrupción, o vedettismo e a escasa credibilidade. Postulado para o Premio Nóbel da Paz, a xestión governamental de Mújica (2010-2015) permitiu garantir a viabilidade dos avances progresistas en materia social establecidos no país suramericano, nun marco de estabilidade e racionalidade económica. A súa popularidade é tal que o laureado director cinematográfico de orixe bosnio Emir Kusturica definiu a Mújica como “o derradeiro heroe da política”.



Imaxe: Wikipedia

Dilma Rousseff: final de ciclo político?

Acosada constantemente pola pantasma do *impeachment*, as protestas populares e a recesión económica, **Dilma Rousseff** (68 anos) afrontou un complicado 2015 que anuncia un novo equilibrio político a medio prazo. Neste sentido, a estabilidade da súa presidencia ata 2018 non está completamente garantida tendo en conta os difíciles equilibrios nun Congreso brasileiro sen maioría ab-

soluta do gobernante Partido dos Trabalhadores (PT), fracturado por unha serie de presións e demandas de destitución presidencial impulsadas pola dereita (PSDB) e por parte dun sector da esquerda (PMDB), que aspiran a desaloxala da presidencia por presuntas acusacións de corrupción. O PT post-Lula liderado por Dilma semella estar dando paso a un final de ciclo político post-Dilma onde, ironicamente, tenta recuperar a súa preponderancia polí-

tica a figura do ex presidente **Lula da Silva** de cara aos comicios presidenciais 2018. Cun cambio de ciclo político a nivel rexional (Arxentina, Venezuela), as presións internas e externas por un eventual cambio político en Brasil anuncia para 2016 un complexo período para Rousseff, cunha presidencia cada vez mais contestada e debilitada aínda logrando evitar o temido *impeachment*.



Imaxe: Wikipedia

Vladimir Putin: a *realpolitik* da “nova Rusia”

Fortalecida internamente a súa imaxe tralo conflito ucráino e a recuperación da soberanía rusa en Crimea (marzo 2014), o presidente ruso **Vladimir Putin** (65 anos) afrontou un 2015 repleto de expectativas no contexto internacional. A principal foi a intervención militar en Siria (setembro), que se ben supuxo un punto de inflexión nese conflito, determinou igualmente a primeira intervención internacional rusa desde a guerra de Afganistán (1980). Neste sentido, Pu-

tin logrou delimitar claramente ante a comunidade internacional (e particularmente ante EUA e Europa) unha serie de imperativos xeopolíticos que van dende a periferia euroasiática ata Oriente Próximo. Con todo, os efectos colaterais da súa intervención militar en Siria igualmente implicaron fortes roces diplomáticos (Turquía, OTAN) así como unha eventual renovación das ameazas por parte do terrorismo *xihadista*, con particular incidencia no Cáucaso ruso. Reforzando estes imperativos xeopolíticos para asegurar a influencia rusa nun amplo espazo

contiguo periférico, Putin avanzou no fortalecemento da asociación estratéxica con China, en particular ante as sancións occidentais e o estancamento do crecemento económico produto da caída dos prezos petrolieros. Con eleccións parlamentarias previstas para finais de 2016 e presidenciais para 2018, Putin aborda unha nova etapa na que a preservación do seu sistema de poder estará intimamente ligada á materialización das súas expectativas exteriores de recuperación do poder e influencia de Rusia.



Imaxe: Wikipedia

Papa Francisco: o “pacificador” reformista

A diplomacia e as reformas vaticanas impulsadas polo Sumo Pontífice **Francisco** (79 anos) derivaron nun 2015 histórico, particularmente coas súas visitas a Cuba, EUA e a ONU (19-28 setembro), potenciando así o estratéxico peso do Vaticano na apertura diplomática entre Washington e La Habana. Paralelamente, a súa innovadora mensaxe permitiu ao Papa Francisco defender en diversas encí-

clícas a necesidade de dar paso a un sistema máis xusto, equitativo e ecolóxico. Nun ano prolífico en xiras exteriores, ese rol pacificador papal tivo un eco particular no ámbito latinoamericano, potenciando a necesidade do diálogo como solución de controversias marítimas limítrofes (Bolivia e Chile), negociacións de paz (Colombia) e crises políticas (Venezuela), sen desestimar o impacto que para a diplomacia vaticana tiveron as súas viaxes por Asia (Sri Lanka e Filipinas)

e África (Kenya, Uganda e República Centroatricana). O ano 2015 significou igualmente un exercicio de contrariedades para un papado de pretensión reformista, condicionado polas resistencias ao cambio por parte do sector máis conservador e reaccionario do Vaticano en temas sensibles (aborto, matrimonio homosexual), así como a persistencia dos escándalos de pederastia que deterioran a imaxe vaticana.



Imaxe: Wikipedia

Aung San Suu Kyi: a transición birmana

As eleccións parlamentarias celebradas en Myanmar (antiga Birmania) en novembro de 2015 significaron unha histórica reválida para a activista democrática e principal líder opositora **Aung San Suu Kyi** (70 anos), Premio Nobel da Paz en 1991 e confinada a arresto domiciliario pola Xunta Militar entre 1990 e 2012. A maioría absoluta parlamentaria (80% dos votos, 387 escanos) alcanzada pola Liga Nacional

para a Democracia (NLD), o partido de Suu Kyi, define así un novo momento político para o país asiático, en particular ante as expectativas dunha transición democrática tras décadas de goberno militar que en 2011 deu subitamente paso a un goberno civil. A realidade política que deberá afrontar Suu Kyi integra importantes retos para consolidar esta transición. O poderoso estamento militar segue a manter estratéxicas cotas de poder político, lexislativo e constitucional, que moi

probablemente moderarán as reformas prometidas por Suu Kyi. Cun diálogo de reconciliación nacional aínda pendente, Suu Kyi deberá igualmente encarar serios problemas internos derivados de conflitos étnicos (minoría musulmá *rohinyá*) e relixiosos (extremismo budista e islamita), que a obrigarán a conciliar posicións e adoptar un pragmatismo igualmente necesario para garantir a ansiada transición democrática birmana.

Os Autores




José Abu-Tarbush

é profesor titular de Socioloxía do Desenvolvemento e das Relacións Internacionais na Universidade de La Laguna (Tenerife).



Mariano Aguirre

é director do Norwegian Peacebuilding Resource Centre (NOREF).
www.peacebuilding.no



David Alvarado

é politólogo, xornalista, escritor e consultor especializado no Norte de África e o mundo árabe. É investigador asociado do IGADI.



Katarzyna Araczewska

é colaboradora do IGADI.



Jaume Giné i Daví

é profesor de ESADE Law School e investigador colaborador de IGADI.



Jared Larson

é colaborador do IGADI.



Roberto Mansilla
é analista do IGADI.



Roberto Montoya
é colaborador do IGADI



Francisco Rey Marcos
é co-director do Instituto
de Estudos sobre Conflitos
e Acción Humanitaria
(IECAH)



Xulio Ríos
é director do IGADI.



Alfredo Toro Hardy
é diplomático e académico
venezolano, autor ou
coautor dunha trintena de
libros.

IGADI ANNUAL REPORT 2015-2016

A sintoma-
toloxía dun
malestar
global:
Entre a
metásta-
se e a re-
cupera-
ción

www.igadi.org

INSTITUTO
GALEGO
DE ANÁLISE
E DOCUMENTACIÓN
INTERNACIONAL



I
GA
DIXXV

En Galicia
temos
opinión
do Mundo

